

obradoiro de artesanía

Publicación anual de Artesanía de Galicia. n°14 xullo / julio 2016



XUNTA DE GALICIA





ARTESANÍA
DE GALICIA





Francisco Conde López
*Consejero de Economía,
Emplego e Industria*

É para min unha honra compartir con todos vós o novo número de Obradoiro de Artesanía, que nos permitirá afondar nas diferentes iniciativas de actualidade do sector artesán galego. A través destas páxinas, teremos a oportunidade de coñecer a calidade do traballo dos artesáns e artesás que continúan esforzándose por xuntar tradición e modernidade, nun admirable exercicio de creatividade e bo facer que conseguiu situar a Galicia nunha posición verdadeiramente privilexiada.

O oficio da artesanía permítenos reencontrarnos coa Historia, entender a evolución cultural dos nosos pobos e conectar cos labores dos nosos antepasados, que se foron transmitindo de xeración en xeración para chegar até aquí cun marcado carácter xenuíno, onde se conxuga a esencia do local coa innovación e a proxección internacional.

Neste eido, o Plan de Artesanía de Galicia achega as ferramentas precisas para impulsar a formación, a profesionalización dos seus traballadores e a difusión dos proxectos dentro e fóra das nosas fronteiras, logrando un sector máis competitivo. Demóstrano iniciativas como os **Premios Artesanía de Galicia**, que foron entregados o pasado mes de decembro e que abren este novo exemplar da revista.

Nas seguintes páxinas descubriremos a calidade da xoiaría da man de **Marta Armada** e o equipo de **Ardentia**, capaces de impulsar unha moda con marca propia. Tamén nos deixaremos seducir polas posibilidades do deseño en coiro de **Jatafarta** e polo tictac dos reloxos que **Luis Míguez** repara incorporando a alta tecnoloxía ao traballo manual. Descubriremos o taller de **Bulideira** e a súa ilusión por facer pervivir a historia do traxe tradicional, coñeceremos o traballo das redeiras galegas grazas ao proxecto **Enredadas** e sorprenderémonos coa delicadeza e singularidade das pezas téxtiles de **Rir&Co**. Como colofón, **Artesanía no prato** mostra unha simbiose entre artesanía e gastronomía grazas á colaboración de artesáns e cociñeiros galegos de prestixio e **Artesanía nun click** ofrece unha ampla listaxe de tendas online dalgúns dos nosos mellores artesáns.

Todos estes contidos deixan constancia da diversidade, a capacidade de adaptación ás novas tendencias e, sobre todo, do amor e o respecto polo oficio que profesan todos aqueles que continúan facendo posible o desenvolvemento e a posta en valor da Artesanía de Galicia.

sumario



- 2 Limiar
- 4 Premios de Artesanía, recoñecendo a excelencia
Premios de Artesanía, reconociendo la excelencia
- 20 Marta Armada, mestizaxe de artes e oficios
Marta Armada, mestizaje de artes y oficios
- 28 Ardentia. Un equipo, unha marca
Ardentia. Un Equipo, una marca
- 36 Jatafarta, deseño e innovación
Jatafarta, diseño e innovación
- 42 Luis Míguez Relojeros, o tempo entre as mans
Luis Míguez Relojeros, el tiempo entre las manos
- 48 A historia con frío e agulla
La historia con hilo y aguja
- 54 O proxecto Enredadas
El proyecto Enredadas
- 66 A arte frío a frío
El arte hilo a hilo
- 72 Artesanía no prato
Artesanía en el plato
- 76 Artesanía de Galicia nun click
Artesanía de Galicia en un click



Edición

Xunta de Galicia
Consellería de Economía, Emprego e Industria
Dirección Xeral de Comercio

Coordinación

María Noya
Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño
L25MN Área Central 15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 999 171 Fax 881 999 170
e-mail: centro.artesania@xunta.gal | artesianiadegalicia.xunta.gal

Maquetación, realización

DARDO | info@dardo.gal

Redacción

Miguel Bertojo, Sara Donoso, Montserrat Álvarez, DARDO

Fotografía

Eduardo Armada, María Esteirán,
Raúl Lorenzo Cano, César Martínez, Darío Muñiz, Felipe Ribon,
Miguel Vidal, DARDO e contribucións dos artesáns

D.L. C-4788-2008
ISSN 2529-9468

Premios Artesanía de Galicia



RECOÑECENDO A EXCELENCIA

RECONOCIENDO LA EXCELENCIA

Miguel Bertojo

O pasado 18 de decembro, a Sala Cinc da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela acolleu o acto de entrega dos Premios Artesanía de Galicia 2014. Tales galardóns pretenden non só recoñecer o talento e o esforzo de mellora continua dos profesionais do sector, senón tamén contribuír ao seu desenvolvemento económico e promocional, impulsar o seu esforzo de innovación e, algo que a miúdo se esquece: a renovación xeracional.

Esta convocatoria hai que enmarcala no Plan de Artesanía de Galicia. É dicir, que comparte por tanto boa parte dos seus obxectivos: como contribuír á posta en valor do sector e á divulgación do traballo dos seus profesionais entre a sociedade en xeral; potenciar a súa creatividade e, ademais, introducir a innovación e o deseño en todos os seus procesos produtivos; ou promover a captación do talento, facendo especial fincapé na incorporación de mozos artesáns a través do apoio á súa formación especializada; noutras palabras, impulsando a un tempo a substitución xeracional.

El pasado 18 de diciembre, la Sala Cinc de la Cidade da Cultura en Santiago de Compostela acogió el acto de entrega de los Premios Artesanía de Galicia 2014. Tales galardones pretenden no solo reconocer el talento y el esfuerzo de mejora continua de los profesionales del sector, sino también contribuir a su desarrollo económico y promocional, impulsar su esfuerzo de innovación y, algo que a menudo se olvida: la renovación generacional.

Esta convocatoria hay que enmarcarla en el Plan de Artesanía de Galicia. Es decir, que comparte por tanto buena parte de sus objetivos: como contribuir a la puesta en valor del sector y a la divulgación del trabajo de sus profesionales entre la sociedad en general; potenciar su creatividad y, además, introducir la innovación y el diseño en todos sus procesos productivos; o promover la captación del talento, haciendo especial hincapié en la incorporación de jóvenes artesanos a través del apoyo a su formación especializada; en otras palabras, impulsando a un tiempo el relevo generacional.

OS MOMENTOS PREVIOS

Faltaban máis de quince minutos para as 12:00 horas e o *photocall* do vestíbulo contiguo á sala Cinc xa era un ferredoiro... Familiares, amigos e compañeiros dos finalistas arremuiñábanse ao seu redor. A intriga e a incerteza entre os congregados eran xa palpables nas risas nerviosas, nalgunha carreira apresurada e sen sentido ou na présa contida para acomodarse nos asentos reservados... A atmosfera de suspense manteríase ata que empezaron a desvelarse os nomes dos diferentes galardoados.

Nun escenario inmaculado e sen artificios, coa melodía de *Canteixeire* de Luar na Lubre como fondo musical, comezou o acto de entrega dos galardóns conducido por Sol Vázquez, directora xeral de Comercio e presidenta do xurado, que exerceu como mestra de cerimonias. O acto contou coa presenza de Alfonso Rueda, vicepresidente da Xunta de Galicia; Rosa Quintana, conselleira do Mar; e con Francisco Conde, titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, anfitriño do acto. Unha representación institucional, polo demais, á altura das circunstancias.

LOS MOMENTOS PREVIOS

Faltaban más de quince minutos para las 12:00 horas y el *photocall* del vestíbulo contiguo a la sala Cinc ya era un hervidero... Familiares, amigos y compañeros de los finalistas se arremolinaban a su alrededor. La intriga y una cierta incertidumbre entre los congregados eran ya palpables en las risas nerviosas, en alguna carrera apresurada y sin sentido o en la prisa contenida para acomodarse en los asientos reservados... La atmósfera de suspense se mantendría hasta que empezaron a desvelarse los nombres de los diferentes galardonados.

En un escenario inmaculado y sin artificios, con la melodía de *Canteixeire* de Luar na lubre como fondo musical, comenzó el acto de entrega de los galardones conducido por Sol Vázquez, directora xeral de Comercio y presidenta del jurado, que ejerció como maestra de ceremonias. El acto contó con la presencia de Alfonso Rueda, vicepresidente de la Xunta de Galicia; Rosa Quintana, conselleira do Mar; y con Francisco Conde, titular de la Consellería de Economía, Emprego e Industria, anfitriona del acto. Una representación institucional, por lo demás, a la altura de las circunstancias.





Os galardóns inclúen tres categorías. A **Bolsa Eloy Gesto**, dotada con 3.000 euros, para formación e cunha finalidade explícita: profesionalizar aos seus novos talentos, potenciando ademais a remuda xeracional. Premia a candidatura que presente unha proposta de formación nun centro de referencia en artesanía e deseño, en función do carácter innovador do proxecto e do coñecemento que se pretende conseguir coa formación. A súa concesión está determinada ademais pola incorporación de novas tecnoloxías e pola aplicación da formación adquirida á elaboración dun produto artesanal innovador.

O **Premio Traxectoria**, de carácter honorífico, reconece o conxunto global da actividade profesional dun artesán. Valora tanto a calidade da súa obra como o seu compromiso decidido coa divulgación e transmisión do oficio; e, sobre todo, cos valores positivos da artesanía. As posibles candidaturas a este galardón só as poden presentar ou ben terceiros obradoiros, ou ben asociacións profesionais de artesáns.

E, por último, o **Premio Artesanía de Galicia**, dotado con 6.000 euros, dirixido a obradoiros artesáns inscritos

Los galardones incluyen tres categorías. La **Beca Eloy Gesto**, dotada con 3.000 euros, para formación y con una finalidad explícita: profesionalizar a sus nuevos talentos, potenciando además el relevo generacional. Premia la candidatura que presente una propuesta de formación en un centro de referencia en artesanía y diseño, en función del carácter innovador del proyecto y del conocimiento que se pretende conseguir con la formación. Su concesión está determinada además por la incorporación de nuevas tecnologías y por la aplicación de la formación adquirida a la elaboración de un producto artesanal innovador.

El **Premio Trayectoria**, de carácter honorífico, reconoce el conjunto global de la actividad profesional de un artesano. Valora tanto la calidad de su obra como su compromiso decidido con la divulgación y transmisión del oficio; y, sobre todo, con los valores positivos de la artesanía. Las posibles candidaturas a este galardón solo las pueden presentar o bien terceros talleres, o bien asociaciones profesionales de artesanos.

Y, por último, el **Premio Artesanía de Galicia**, dotado con 6.000 euros, dirigido a talleres artesanos ins-



no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. O Premio reconece a obra que mellor represente unha artesanía competitiva nun mercado complexo e especialmente competitivo como é o actual. Unha obra que conxugue por tanto deseño, innovación, conservación e/ou adaptación das técnicas e os valores tradicionais máis característicos da artesanía galega; e que incorpore tendencias en boga, presentación a propósito e calidade, tanto dos materiais empregados como no que respecta ao seu desenvolvemento de produto.

Sen dúbida, o xurado desta edición non o tivo doado... Nin para seleccionar os finalistas nin para designar finalmente os gañadores ou outorgar as mencións de honra. Presidido por Sol Vázquez, directora xeral de Comercio, o xurado incluíu como vogais a Marta López, subdirectora xeral de Comercio, Covadonga Carrasco, arquitecta fundadora do estudio CREUSECARRASCO; Pablo Velasco, responsable da Cátedra Fundesarte (Fundación EOI); Jaime Sevilla, socio da empresa peseta; e Félix Sanz Sastre, director do Centro Regional de Artesanía de Castilla y León (CEARCAL). Como secretaria, con voz pero sen voto, actuou Elena Fabeiro, xerente da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

critos en el Registro General de Artesanía de Galicia. El Premio reconoce la obra que mejor represente una artesanía competitiva en un mercado complejo y especialmente competitivo como es el actual. Una obra que conjugue por tanto diseño, innovación, conservación y/o adaptación de las técnicas y los valores tradicionales más característicos de la artesanía gallega; y que incorpore tendencias en boga, presentación a propósito y calidad, tanto de los materiales utilizados como en lo que respecta a su desarrollo de producto.

Sin duda, el jurado de esta edición no lo tuvo fácil... Ni para seleccionar a los finalistas ni para designar finalmente a los ganadores u otorgar las menciones de honor. Presidido por Sol Vázquez, directora xeral de Comercio, el jurado incluyó como vocales a Marta López, subdirectora xeral de Comercio, Covadonga Carrasco, arquitecta fundadora del estudio CREUSECARRASCO; Pablo Velasco, responsable de la Cátedra Fundesarte (Fundación EOI); Jaime Sevilla, socio de la empresa peSeta; y Félix Sanz Sastre, director del Centro Regional de Artesanía de Castilla y León (CEARCAL). Como secretaria, con voz pero sin voto, actuó Elena Fabeiro, gerente de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

E OS PREMIADOS FORON...

O primeiro dos recoñecementos foi unha mención de honra para Eva Dávalos, diseñadora de xoias emeritense, aínda que residente en Vigo, finalista do Premio Bolsa Eloy Gesto. Acreditación que lle entregou Elena Fabeiro, xerente da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

Este premio homenaxea a Eloy Gesto, que, como destacou máis tarde Francisco Conde, "ademais dun ourive de gran mestría que sen dúbida renovou a tradición compostelá, destacou pola súa decidida entrega e compromiso co desenvolvemento do sector en xeral, e coa ourivaría e a arte do acibeche en particular; pero, sobre todo, coa transmisión dos oficios ás novas xeracións".

Y LOS PREMIADOS FUERON...

El primero de los reconocimientos fue una mención de honor para Eva Dávalos, diseñadora de joyas emeritense, aunque residente en Vigo, finalista del Premio Beca Eloy Gesto. Acreditación que le entregó Elena Fabeiro, gerente de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

Este premio homenajea a Eloy Gesto, que, como destacó máis tarde Francisco Conde, "además de un orfebre de gran maestría que sin duda renovó la tradición compostelana, destacou por su decidida entrega y compromiso con el desarrollo del sector en general, y con la orfebrería y el arte del azabache en particular; pero, sobre todo, con la transmisión de los oficios a las nuevas generaciones".



Premios Artesanía de Galicia 2014

PREMIO ARTESANÍA DE GALICIA

Premio

Sin Lastre

Marta Armada

Ceramista e diseñadora de xoias, Vigo

Ceramista y diseñadora de joyas, Vigo

Finalista

Luscofusco

Viviana Araújo

Tenda-obradoiro Estilo Aramar, Pontevedra

Tienda-taller Estilo Aramar, Pontevedra

Finalista

Origami

Ardentia

Obradoiro de xoiería, Bergondo (A Coruña)

Taller de joyería, Bergondo (A Coruña)

PREMIO TRAXECTORIA

PREMIO TRAYECTORIA

Domingo Ayaso

Carpinteiro de ribeira, Aguiño - Ribeira (A Coruña)

Carpintero de ribera, Aguiño - Ribeira (A Coruña)

BOLSA ELOY GESTO

BECA ELOY GESTO

Premio

Verónica Moar

Ceramista, A Coruña

Ceramista, A Coruña

Mención de honra

Mención de honor

Eva Dávalos

Diseñadora de xoias, Vigo

Diseñadora de joyas, Vigo

“Algunhas das miñas pezas representan a miña forma de observar o mundo que me rodea, outras reflicten as miñas experiencias vitais...”

A Bolsa Eloy Gesto, que entregou Leonor Beiroa, viúva do ourive falecido en 2011, recaeu na ceramista coruñesa Verónica Moar, antiga alumna de Cerámica Artística na EASD Pablo Picasso na Coruña. Verónica comezou realizando pequenos obxectos como colares, pulseiras ou aneis. “Co tempo xa necesitei expresarme a través doutros formatos: cuncas, pratos..., e con outros procedementos coma o torno de oleiro”.

O resultado son pezas sinxelas e suís, de liñas limpas e cores suaves, que denomina “cerámica tradicional para uso contemporáneo, inspiradas na cerámica coreana ou xaponesa”. O feito é que cada peza ten a súa historia: “algunhas das miñas pezas representan a miña forma de observar o mundo que me rodea, outras reflicten as miñas experiencias vitais...”. Ademais, Verónica aborda de forma sistemática outros escenarios como a cerámica artística. “Quero traballar pero tamén seguir formándome”, concluíu.

“Algunas de mis piezas representan mi forma de observar el mundo que me rodea, otras reflejan mis experiencias vitales...”

La Beca Eloy Gesto, que entregó Leonor Beiroa, viuda del orfebre fallecido en 2011, recayó en la ceramista coruñesa Verónica Moar, antigua alumna de Cerámica Artística en la EASD Pablo Picasso en A Coruña. Verónica comenzó realizando pequeños objetos como collares, pulseras o anillos. “Con el tiempo ya necesité expresarme a través de otros formatos: tazas, cuencos, platos..., y con otros procedimientos como el torno de alfarero”.

El resultado son piezas sencillas y sutiles, de líneas limpias y colores suaves, que denomina “cerámica tradicional para uso contemporáneo, inspiradas en la cerámica coreana o japonesa”. El hecho es que cada pieza tiene su historia: “algunas de mis piezas representan mi forma de observar el mundo que me rodea, otras reflejan mis experiencias vitales...”. Además, Verónica aborda de forma sistemática otros escenarios como la cerámica artística. “Quiero trabajar pero también seguir formándome”, concluyó.





Domingo Ayaso contribuíu celosa e activamente a preservar, transmitir e divulgar o patrimonio marítimo galego

Na súa primeira convocatoria, o Premio Traxectoria, que recoñece aos profesionais que destacaran tanto pola calidade da súa obra como polo seu compromiso coa divulgación do seu oficio, recaeu en Domingo Ayaso, de Aguiño (Ribeira, A Coruña), carpinteiro de ribeira. A súa candidatura, máis que merecida, presentouna neste caso o propio sector, representado pola Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI). Tras a intervención de Ramón Collazo, presidente deste colectivo profesional, Rosa Quintana, conselleira do Mar, entregou este recoñecemento a un emocionado Domingo.

Durante os seus máis de cincuenta anos de vida profesional —recibiu o seu bautismo de cadernas e listóns con apenas 14 anos no obradoiro paterno, alá por 1964...—, Domingo Ayaso contribuíu celosa e activamente a preservar, transmitir e divulgar o patrimonio marítimo galego, en particular as potencialidades e prestacións da dorna, unha das embarcacións máis emblemáticas das costas galegas. De feito, Domingo construíu máis de 500, entre

Domingo Ayaso ha contribuido celosa y activamente a preservar, transmitir y divulgar el patrimonio marítimo gallego

En su primera convocatoria, el Premio Trayectoria, que reconoce a los profesionales que hayan destacado tanto por la calidad de su obra como por su compromiso con la divulgación de su oficio, recayó en Domingo Ayaso, de Aguiño (Ribeira, A Coruña), carpintero de ribera. Su candidatura, más que merecida, la presentó en este caso el propio sector, representado por la Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI). Tras la intervención de Ramón Collazo, presidente de este colectivo profesional, Rosa Quintana, conselleira do Mar, entregó este reconocimiento a un emocionado Domingo.

Durante sus más de cincuenta años de vida profesional —recibió su bautismo de cuadernas y listones con apenas 14 años en el taller paterno, allá por 1964...—, Domingo Ayaso ha contribuido celosa y activamente a preservar, transmitir y divulgar el patrimonio marítimo gallego, en particular las potencialidades y prestaciones de la dorna, una de las embarcaciones más emblemáticas de las costas gallegas. De hecho, Domingo ha construido más de 500,

seis e sete por ano dependendo das súas dimensións, e colaborando con entidades, institucións ou museos de moi distinta natureza e propósitos: o Aquarium Finisterrae da Coruña e o Museo do Pobo Galego.

A dorna é unha embarcación moi “mariñeira”, empregada fundamentalmente na pesca da sardiña, de entre tres e oito metros de eslora, denominadas respectivamente polbeira e xeiteira. De proa redonda e que sobresaie de forma moi visible da súa cuberta, cunha popa achatada e pequena, e quilla pronunciada, a dorna adoita aparellarse cunha única vela de relinga —unha solución aínda que sinxela, moi sofisticada— e, en ocasións, cun pequeno foque para capear os temporais e dous remos de apoio. Ayaso representa a cuarta xeración dunha prolífica familia de carpinteiros de ribeira. O seu bisavó iniciou unha saga que, desgraciadamente, podería finalizar con Domingo.

E, por fin, para alivio de moitos dos presentes, foi a quenda do Premio Artesanía de Galicia, que nesta edición contemplou unha selección de tres traballos. A primeira dos dous finalistas desta categoría foi a pontevedresa Viviana Araújo, titular da tenda-obradoiro Estilo Aramar, especializada en complementos femininos como turbantes, tocados ou chapeus de festa a medida e flores artesanais de tea e plumas.

entre seis y siete por año dependiendo de sus dimensiones, y colaborado con entidades, instituciones o museos de muy distinta naturaleza y propósitos: el Aquarium Finisterrae de A Coruña y el Museo do Pobo Galego.

La dorna es una embarcación muy ‘marinera’, empleada fundamentalmente en la pesca de la sardina, de entre tres y ocho metros de eslora, denominadas respectivamente *polbeira* y *xeiteira*. De proa redonda y que sobresaie de forma muy visible de su cubierta, con una popa achatada y pequeña, y quilla pronunciada, la dorna suele aparejarse con una única vela de relinga —una solución aunque sencilla, muy sofisticada— y, en ocasiones, con un pequeño foque para capear los temporales y dos remos de apoyo. Ayaso representa la cuarta generación de una prolífica familia de carpinteros de ribeira. Su bisabuelo inició una saga que, desgraciadamente, podría finalizar con Domingo.

Y, por fin, para alivio de muchos de los presentes, fue el turno del Premio Artesanía de Galicia, que en esta edición contempló una selección de tres trabajos. La primera de los dos finalistas de esta categoría fue la pontevedresa Viviana Araújo, titular de la tienda-taller Estilo Aramar, especializada en complementos femininos como turbantes, tocados o sombreros de fiesta a medida y flores artesanales de tela y plumas.




**PREMIO DE
ARTESANÍA
DE GALICIA**
FINALISTA

Luscofusco
Viviana Araújo



**PREMIO DE
ARTESANÍA
DE GALICIA**
FINALISTA

Origami
Ardentia



Viviana presentou un sensual corpiño de plumas de faisán baixo o lema *Luscofusco*. Albino Quinteiro, presidente da Asociación Galega de Artesáns Tradicionais (AGAT), entregoulle un merecido recoñecemento a esta sofisticada e laboriosa peza única, froito de dous meses de traballo e cun prezo de mercado de 8.000 euros; pero, tamén, aos seus trinta e seis produtivos anos xa no oficio.

E o segundo finalista foi o obradoiro Ardentia, unha empresa de xoiería de Bergondo (A Coruña), que presentou a concurso unha delicada peza de prata de lei co lema *Origami*. Ardentia diseña e elabora coleccións de xoiería contemporánea en prata de lei e esmalte ao lume, cun marcado carácter diferenciado. Luis González, precursor, artífice e reitor deste prolífico e activo obradoiro, e dos seus camiños, recibiu a acreditación de mans de Manuel González, presidente da Asociación Galega de Artesáns (AGA).

Viviana presentó un sensual corsé de plumas de faisán bajo el lema *Luscofusco*. Albino Quinteiro, presidente de la Asociación Galega de Artesáns Tradicionais (AGAT), le entregó un merecido reconocimiento a esta sofisticada y laboriosa pieza única, fruto de dos meses de trabajo y con un precio de mercado de 8.000 euros; pero, también, a sus treinta y seis productivos años ya en el oficio.

Y el segundo finalista fue el taller Ardentia, una empresa de joyería de Bergondo (A Coruña), que presentó a concurso una delicada pieza de plata de ley con el lema *Origami*. Ardentia diseña y elabora colecciones de joyería contemporánea en plata de ley y esmalte al fuego, con un marcado carácter diferenciado. Luis González, precursor, artífice y rector de este prolífico y activo taller, y de sus derroteros, recibió la acreditación de manos de Manuel González, presidente de la Asociación Galega de Artesáns (AGA).

**PREMIO DE
ARTESANÍA
DE GALICIA**

Sin Lastre
Marta Armada

**“Este premio
anímame a seguir
traballando,
profundando,
indagando,
investigando...”**

**“Este premio me
anima a seguir
trabajando,
profundizando,
indagando,
investigando...”**



E, por fin, a gañadora do premio Artesanía de Galicia foi... Marta Armada, ceramista e deseñadora de xoias viguesa. Entre suspiros de desahogo e manifestacións de alegría, Marta subiu ao estrado para que Alfonso Rueda, vicepresidente da Xunta de Galicia, lle entregase o desexado trofeo, realizado polo artesán José M^o Mayer do taller Maysil. Un instante ao que se sumou o aplauso unánime dos asistentes. Armada presentou a concurso unha peza co lema *Sin lastre*, que amosa a súa persoal visión do mundo ao que remiten os seus traballos. *Sin lastre* establece unha sorte de mapa de situación, no que é posible percorrer momentos, lugares e vivencias dos que a súa autora se serviu para destilar un resultado canto menos sorprendente.

Formada na Escola de Cerámica da Moncloa e na Escola de Artes e Oficios de Vigo, Marta Armada reivindica a presenza do deseño e a arte nos oficios, establecendo así unha sorprendente mestizaxe e unha corrente de influxos recíprocos. "O premio supón un empuxón ao meu traballo desta última época e intúo que moita visibilidade... Empecei coa cerámica hai vinte anos e hai quince asomeime ao deseño de xoias", relatou de forma sintética.

Y, por fin, la ganadora del premio Artesanía de Galicia fue... Marta Armada, ceramista y diseñadora de joyas viguesa. Entre suspiros de desahogo y manifestaciones de alegría, Marta subió al estrado para que Alfonso Rueda, vicepresidente de la Xunta de Galicia, le entregase el deseado trofeo, realizado por el artesano José M^o Mayer del taller Maysil. Un instante al que se sumó el aplauso unánime de los asistentes. Armada presentó a concurso una pieza con el lema *Sin lastre*, que muestra su personal visión del mundo al que remiten sus trabajos. *Sin lastre* establece una suerte de mapa de situación, en el que es posible recorrer momentos, lugares y vivencias de los que su autora se ha servido para destilar un resultado cuanto menos sorprendente.

Formada en la Escuela de Cerámica de La Moncloa y en la Escola de Artes e Oficios de Vigo, Marta Armada reivindica la presencia del diseño y el arte en los oficios, estableciendo así un sorprendente mestizaje y una corriente de influjos recíprocos. "El premio supone un empujón a mi trabajo de esta última época e intuyo que mucha visibilidad... Empecé con la cerámica hace veinte años, y hace quince me asomé al diseño de joyas", relató de forma sintética.



"Tamén explorei, e o sigo facendo, outras facetas artísticas como a escultura ou a pintura; é dicir, que ademais de artesanía, de oficio, tamén fago creación artística". Para Marta, "ter oficio non é incompatible con saber de deseño ou de arte, senón todo o contrario. Cantas máis facetas, aspectos ou disciplinas se coñezan, mellor". Agradeceu a concesión do premio: "ánimame a seguir traballando, profundando, indagando, investigando..." Aínda así, tivo eloxios para todos os apoios que recibiu, sobre todo o da súa nai, "admiradora entregada do meu traballo e, por suposto, das miñas propostas".

"También exploré, y sigo haciéndolo, otras facetas artísticas como la escultura o la pintura; es decir, que además de artesanía, de oficio, también hago creación artística". Para Marta, "tener oficio no es incompatible con saber de diseño o de arte, sino todo lo contrario. Cuantas más facetas, aspectos o disciplinas se conozcan, mejor". Agradeció la concesión del premio: "me anima a seguir trabajando, profundizando, indagando, investigando..." Aun así, tuvo elogios para todos los apoyos que recibió, sobre todo el de su madre, "admiradora entregada de mi trabajo y, por supuesto, de mis propuestas".

O COLOFÓN

EL COLOFÓN

“Sodes todos vós quen logrades que a artesanía de Galicia non sexa patrimonio do pasado, senón do presente e, sobre todo, do futuro”

“Sois todos vosotros quienes lográis que la artesanía de Galicia no sea patrimonio del pasado, sino del presente y, sobre todo, del futuro”



Segundo afirmou Francisco Conde, titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, facendo balance da cita, “todos os premiados son bos exemplos de que Galicia conta cunha artesanía netamente diversa; con profesionais cun profundo coñecemento dos seus respectivos oficios, particularmente implicados na promoción e o desenvolvemento do sector; e, por suposto, con novos artífices que xa están insuflando aires novos coas súas ideas e propostas innovadoras”.

Conde enmarcou a convocatoria dos Premios no Plan de Artesanía de Galicia: “unha folla de ruta posta en marcha en estreita colaboración co sector, que busca afianzar a competitividade dos seus distintos oficios, consolidar a marca Artesanía de Galicia e potenciar así unha artesanía innovadora e transversal”. Segundo o conselleiro, “sodes todos vós quen logrades que a artesanía de Galicia non sexa patrimonio do pasado, senón do presente e, sobre todo, do futuro”.

No seu discurso mencionou que nos oficios tradicionais traballan hoxe en día máis de 5.000 familias en toda a

Según afirmou Francisco Conde, titular de la Consellería de Economía, Emprego e Industria, haciendo balance de la cita, “todos los premiados son buenos ejemplos de que Galicia cuenta con una artesanía netamente diversa; con profesionales con un profundo conocimiento de sus respectivos oficios, particularmente implicados en la promoción y el desarrollo del sector; y, por supuesto, con jóvenes artífices que ya están insuflando aires nuevos con sus ideas y propuestas innovadoras”.

Conde enmarcó la convocatoria de los Premios en el Plan de Artesanía de Galicia: “una hoja de ruta puesta en marcha en estrecha colaboración con el sector, que busca afianzar la competitividad de sus distintos oficios, consolidar la marca Artesanía de Galicia y potenciar así una artesanía innovadora y transversal”. Según el conselleiro, “sois todos vosotros quienes lográis que la artesanía de Galicia no sea patrimonio del pasado, sino del presente y, sobre todo, del futuro”.

En su discurso mencionó que en los oficios tradicionales trabajan hoy en día más de 5.000 familias en toda la



xeografía galega. E a pesar de que reivindicou un lugar para a artesanía nos museos, como parte substancial da tradición e a cultura galega, tamén apelou a que “é fundamental que estea na rúa, no día a día; nas tendas e establecementos relacionados co agasallo, a moda e as últimas tendencias; nos salóns e, por suposto, nas cociñas de cada fogar, para poder seguir creando riqueza e emprego”.

Conde incidiu na importancia de internacionalizar as producións, para seguir “afianzando a competitividade e lograr de forma paulatina un maior recoñecemento se cabe por parte da sociedade”. Ademais, “non podo por menos que destacar que, durante o ano pasado, a artesanía galega, amparada na súa marca, estivo presente en corenta citas e feiras de prestixio, tanto nacionais como internacionais”.

Con todo, tamén concorreu a iniciativas como Corazón da artesanía. Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia, en Agolada (Pontevedra), que na pasada edición congregou no centro xeográfico de Galicia a máis de 8.000 persoas, e que é xa unha referencia para o sector e os seus potenciais compradores. Así pois, “tradición e innovación van da man en artesanía, tal e como quedou de manifesto, nos recoñecementos e traballos premiados na gala”.

Xa na clausura do acto, Francisco Conde referiuse tanto aos gañadores dos premios como ao conxunto do sector, como a mellor das mostras da pervivencia dunha Galicia universal que, “sen esquecer a súa cultura e a súa tradición, se reinventa, innova e traballa para facer cada día as cousas un pouco mellor”.

Uns estupendos bocados de boa cociña, o viño de rigor neste tipo de actos e unha charla con amigos e compañeiros, puxeron o mellor dos colofóns ao día grande da artesanía de Galicia.



“Tradición e innovación van da man en artesanía, tal e como quedou de manifesto, nos recoñecementos e traballos premiados na gala”



geografía gallega. Y a pesar de que reivindicó un lugar para la artesanía en los museos, como parte sustancial de la tradición y la cultura gallegas, también apeló a que “es fundamental que esté en la calle, en el día a día; en las tiendas y establecimientos relacionados con el regalo, la moda y las últimas tendencias; en los salones y, por supuesto, en las cocinas de cada hogar, para poder seguir creando riqueza y empleo”.

Conde incidió en la importancia de internacionalizar las producciones, para seguir “afianzando la competitividad y lograr de forma paulatina un mayor reconocimiento si cabe por parte de la sociedad”. Además, “no puedo por menos que destacar que, durante el año pasado, la artesanía gallega, al amparo de su marca, estuvo presente en cuarenta citas y ferias de prestigio, tanto nacionales como internacionales”.

Sin embargo, también ha concurrido a iniciativas como *Corazón da artesanía*. Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia, en Agolada (Pontevedra), que en la pasada edición congregó en el centro geográfico de Galicia a más de 8.000 personas, y que es ya una referencia para el sector y sus potenciales compradores. Así pues, “tradición e innovación van de la mano en artesanía, tal y como quedó de manifiesto, en los reconocimientos y trabajos premiados en la gala”.

Ya en la clausura del acto, Francisco Conde se refirió tanto a los ganadores de los premios como al conjunto del sector, como la mejor de las muestras de la pervivencia de una Galicia universal que, “sin olvidar su cultura y su tradición, se reinventa, innova y trabaja para hacer cada día las cosas un poco mejor”.

Unos estupendos bocados de buena cocina, el vino de rigor en este tipo de actos y una charla con amigos y compañeros, pusieron el mejor de los colofones al día grande de la artesanía de Galicia.



“Tradición e innovación van de la mano en artesanía, tal y como quedó de manifiesto, en los reconocimientos y trabajos premiados en la gala”



MARTA ARMADA, MESTIZAJE DE ARTES E OFICIOS

MARTA ARMADA, MESTIZAJE DE ARTES Y OFICIOS



Merecida gañadora do Premio Artesanía de Galicia'14 co seu colar *Sin lastre*, Marta Armada, ceramista e deseñadora de xoias, compaxina con naturalidade, aínda que non exenta de paixón e afán, creación artística e oficios artesanais para materializar pezas co seu persoal sinal, perfectamente recoñecibles.

Tras vinte anos no mundo da cerámica e quince no deseño de xoias, as súas coincidencias e mestizaxes entre diferentes disciplinas non adoitan deixar a ninguén indiferente. “Cantas máis facetas e vertentes sexan desenvolvidas á hora de crear, mellor que mellor...”, asevera. “O oficio non é incompatible con saber de deseño ou de arte, senón máis ben todo o contrario”.

A pesar de que frecuenta outros territorios —xa sexan creativos ou de carácter decorativo— acoutando as súas propostas, en que denominación encaixan mellor: xoiería contemporánea, de deseño, nova xoiería, cerámica utilitaria...?

Non me gusta poñer etiquetas xa que, no que a min respecta, o traballo creativo está sempre en continua evolución. Con todo, postos a acoutar, quizá o meu traballo encaixa mellor na denominación de xoiería contemporánea ou obxectos de deseño.

Merecida ganadora del Premio Artesanía de Galicia'14 con su collar *Sin lastre*, Marta Armada, ceramista y diseñadora de joyas, compagina con naturalidad, si bien no exenta de pasión y hasta ahínco, creación artística y oficios artesanales para materializar piezas con su personal impronta, perfectamente reconocibles.

Tras veinte años en el mundo de la cerámica y quince en el diseño de joyas, sus coincidencias y mestizajes entre diferentes disciplinas no suelen dejar a nadie indiferente. “Cuantas más facetas y vertientes se manejen a la hora de crear, mejor que mejor...”, asevera. “El oficio no es incompatible con saber de diseño o de arte, sino más bien todo lo contrario”.

A pesar de que frecuenta otros territorios —ya sea creativos o de carácter decorativo— acotando sus propuestas, ¿en qué denominación encajan mejor: joyería contemporánea, de diseño, nueva joyería, cerámica utilitaria...?

No me gusta poner etiquetas ya que, en lo que a mí respecta, el trabajo creativo está siempre en continua evolución. No obstante, puestos a acotar, quizá mi trabajo encaja mejor en las denominaciones joyería contemporánea u objetos de diseño.



“O oficio non é incompatible con saber de deseño ou de arte, senón máis ben todo o contrario”

“El oficio no es incompatible con saber de diseño o de arte, sino más bien todo lo contrario”

En calquera caso, nos meus últimos traballos conflúen estas dúas liñas. Interésame profundar no concepto de identidade dunha peza, en transformar os obxectos de uso cotián en xoias para levar postas, cun uso propio e persoal. Deste xeito, unha cunca ou unha culler poden formar parte do noso enxoval diario, pero dunha maneira personalizada.

Cal é o soporte predominante e cal o seu predilecto? Por outra banda, nin os materiais nin as técnicas que emprega son convencionais. Falamos dun estilo innovador, pero propio, distintivo?

O material fundamental no meu traballo é a cerámica, en concreto a porcelana. É un soporte apaixonante polas súas características e, sobre todo, pola súa dificultade; con todo, representa un reto constante. Gústame a idea de que un material sinxelo, que nace da terra, poida transformarse en algo elegante.

Interésame a combinación coa prata e con diferentes fíos, aínda que sempre estou aberta a experimentar con novos materiais. Cando viaxo, prefiro traballar cos materiais autóctonos do lugar no que me atopo e, por tanto, distintos aos que acostumo utilizar habitualmente. Adoito viaxar con moi poucas ferramentas; e, así, o reto de enfrontarme ao novo e o feito de non dominar a situación o que fan é reactivar a miña creatividade, propiciando a un tempo novas formas de mirar.

“O que sempre me interesou é que sexa un produto de calidade, cun bo acabado, moi persoal. Non me interesa a produción de grandes series...”

Non sei se as técnicas que emprego son innovadoras ou non, pero todas son froito da procura e a experimentación no taller durante anos. Apaixóname o meu traballo, quizá sexa iso o que defina un estilo propio. O meu traballo forma parte do meu estilo de vida e as pezas que creo son o resultado das miñas experiencias vitais.

Ademais do carácter artesanal, cal é o “selo da casa” ou eses trazos diferenciais que definen o seu obradoiro e a súa marca?

O que sempre me interesou é que sexa un produto de calidade, cun bo acabado, moi persoal. Non me interesa a produción de grandes series, para iso xa están as fábricas e as grandes marcas... Prefiro moverme a unha escala máis manexable, ser eu a que poida de-

En cualquier caso, en mis últimos trabajos confluyen estas dos líneas. Me interesa profundizar en el concepto de identidad de una pieza, en transformar los objetos de uso cotidiano en joyas para llevar puestas, con un uso propio y personal. De este modo, un cuenco o una cuchara pueden formar parte de nuestro ajuar diario, pero de una manera personalizada.

¿Cuál es el soporte predominante y cuál su predilecto? Por otra parte, ni los materiales ni las técnicas que emplea son convencionales. ¿Hablamos de un estilo innovador, pero propio, distintivo?

El material fundamental en mi trabajo es la cerámica, en concreto la porcelana. Es un soporte apasionante por sus características y, sobre todo, por su dificultad; sin embargo, representa un reto constante. Me gusta la idea de que un material sencillo, que nace de la tierra, pueda transformarse en algo elegante.

Me interesa la combinación con la plata y con diferentes hilos, aunque siempre estoy abierta a experimentar con nuevos materiales. Cuando viajo, prefiero trabajar con los materiales autóctonos del lugar en el que me encuentre y, por tanto, distintos a los que suelo utilizar habitualmente. Suelo viajar con muy pocas herramientas; y, así, el reto de enfrentarme a lo nuevo y el hecho de no dominar la situación lo que hacen es reactivar mi creatividad, propiciando a un tiempo nuevas formas de mirar.

“Lo que siempre me ha interesado es que sea un producto de calidad, con un buen acabado, muy personal. No me interesa la producción de grandes series...”

No sé si las técnicas que utilizo son innovadoras o no, pero todas son fruto de la búsqueda y la experimentación en el taller durante años. Me apasiona mi trabajo, quizá sea eso lo que defina un estilo propio. Mi trabajo forma parte de mi estilo de vida y las piezas que creo son el resultado de mis experiencias vitales.

Además del carácter artesanal, ¿cuál es el ‘selo de la casa’ o esos rasgos diferenciales que definen su taller y su marca?

Lo que siempre me ha interesado es que sea un producto de calidad, con un buen acabado, muy personal. No me interesa la producción de grandes series, para eso ya están las fábricas y las grandes marcas... Prefiero moverme a una escala más manejable, ser yo la que pueda de-

○

Marta Armada
Rúa Castaña, 27, 1º
36212 Vigo (Pontevedra)
Tel. 986 248 559 / 649 943 883
info@martaarmada.com
www.martaarmada.com
Carta de artesá / Carta de artesana n.º 2570
Obradoiro artesán / Taller artesano n.º 747



decidir en todo momento o carácter que lle quero dar a unha peza e que o produto non perda nin o seu sinal nin a súa orixinalidade.

Que outros elementos poderían definir o seu traballo?

Interésame evolucionar, non estancarme nunha idea. E apaixóname ver que se está a cocer noutros lugares, por iso sempre que podo viaxo. Tento saír así da comodidade do meu estudo e enfrontarme a novas paisaxes e retos creativos.

Por outra banda, ademais de orixinais na súa concepción e na súa materialización, considera que as súas xoias son 'poñibles' ou son un ornamento?

Creo que iso teno que decidir a persoa que as vaia portar, que se sinta identificada con elas. Cando comezo a traballar no deseño dunha peza nunca sei se o resultado será unha peza de xoiería, nin penso se será 'poñible' ou non. Céntrome na súa forma e adoito traballar dunha maneira intuitiva. As razóns virán despois...

Por outra banda, moitas veces pénsase que a porcelana é máis fráxil do que en realidade é. Evidentemente, son pezas ás que hai que tratar con coidado. Pero igual que se se viste unha peza dun tecido delicado, terase que poñer especial coidado se se quere conservar en bo estado.



decidir en todo momento el carácter que le quiero dar a una pieza y que el producto no pierda ni su impronta ni su originalidad.

¿Qué otros elementos podrían definir su trabajo?

Me interesa evolucionar, no estancarme en una idea. Y me apasiona ver qué se cuece en otros lugares, por eso siempre que puedo viajo. Intento salir así de la comodidad de mi estudio y enfrontarme a nuevos paisajes y retos creativos.

Por otra parte, además de originales en su concepción y en su materialización, ¿considera que sus joyas son 'ponibles' o son un ornamento?

Creo que eso lo tiene que decidir la persona que las vaya a portar, que se sinta identificada con ellas. Cuando comienzo a trabajar en el diseño de una pieza nunca sé si el resultado será una pieza de joyería, ni pienso si será 'ponible' o no. Me centro en su forma y suelo trabajar de una manera intuitiva. Las razones vendrán después...

Por otra parte, muchas veces se piensa que la porcelana es más frágil de lo que en realidad es. Evidentemente, son piezas a las que hay que tratar con cuidado. Pero igual que si se viste una prenda de un tejido delicado, se tendrá que poner especial cuidado si se quiere conservarla en buen estado.

¿A qué público objetivo dirige sus producciones, sobre todo sus piezas únicas? ¿Cuál es su poder adquisitivo?

No hago mis piezas pensando en un público exclusivo, simplemente me dejo guiar por mi intuición y mi propio impulso creativo. Tengo colecciones muy asequibles para todos los bolsillos, si bien es cierto que otras tienen un coste más elevado. Y el motivo es que son trabajos muy elaborados en los que invierto muchas horas, y en los que hay un trabajo previo de investigación tanto a nivel de materiales como de concepto. Todo depende del valor que le dé cada uno.

Tras años de oficio y de taller, ¿qué es más difícil: el rodaje inicial, afianzar el proyecto o garantizar su sostenibilidad? Por otra parte, ¿cuáles son sus perspectivas y cómo intuye el futuro?

Lo que está claro es que hay que ser constante y trabajar muchas, muchas horas en el taller... El proceso manual es lento, pero disfruto mucho de todos los procesos. E insisto, para mí es imprescindible el movimiento, salir de la comodidad de mi estudio y enfrontarme a nuevos retos creativos. Tengo una gran curiosidad por ver qué pasa afuera y por eso siempre que puedo viajo e intento intercambiar impresiones con otros creadores, ver qué pasa más allá de mi territorio habitual.

A que público obxectivo dirixe as súas producións, sobre todo as súas pezas únicas? Cal é o seu poder adquisitivo?

Non fago as miñas pezas pensando nun público exclusivo, simplemente me deixo guiar pola miña intuición e o meu propio impulso creativo. Teño coleccións moi alcanzables para todos os petos, aínda que é certo que outras teñen un custo máis elevado. E o motivo é que son traballos moi elaborados nos que invisto moitas horas, e nos que hai un traballo previo de investigación tanto a nivel de materiais como de concepto. Todo depende do valor que lle dea cada un.

Tras anos de oficio e de taller, que é máis difícil: a rodaxe inicial, afianzar o proxecto ou garantir a súa sustentabilidade? Por outra banda, cales son as súas perspectivas e como intúe o futuro?

O que está claro é que hai que ser constante e traballar moitas, moitas horas no taller... O proceso manual é lento, pero gozo moito de todas as súas etapas. E insisto, para min é imprescindible o movemento, saír da comodidade do meu estudo e enfrontarme a novos retos creativos. Teño unha gran curiosidade por ver que pasa fóra e por iso sempre que podo viaxo e intento intercambiar impresións con outros creadores, ver que pasa máis aló do meu territorio habitual.

“Cando comezo a traballar no deseño dunha peza nunca sei se o resultado será unha peza de xoiería, nin penso se será ‘poñible’ ou non. Céntrome na súa forma e adoito traballar dunha maneira intuitiva”

“Cuando comienzo a trabajar en el diseño de una pieza nunca sé si el resultado será una pieza de joyería, ni pienso si será ‘ponible’ o no. Me centro en su forma y suelo trabajar de una manera intuitiva”



“O feito a man tamén pode ter un deseño de calidade, pero ademais hai un compromiso. E na nosa man está que a xente o saiba apreciar ou valorar!”

“Lo hecho a mano también puede tener un diseño de calidad, pero además hay un compromiso. ¡Y en nuestra mano está que la gente lo sepa apreciar o valorar!”



As miñas perspectivas non son a moi longo prazo. O que máis me interesa ou me motiva é seguir viaxando e gozando do meu traballo. Así pois, ter a oportunidade de que me seleccionaran para traballar durante uns meses nunha residencia de artistas, tal e como agora mesmo en Taiwan, é unha ocasión maravillosa para concentrarse e desenvolver un proxecto creativo. O futuro...? Está nas nosas mans.

Ata que punto 'pesan' o compromiso co oficio, as esixencias do mercado, a responsabilidade dunha iniciativa emprendedora ou a esixencia de vender ou exportar?

O compromiso é comigo mesma, non co mercado... Evidentemente, para vivir disto teño que vender e se teño posibilidade de achegarme a outros mercados como agora mesmo, aproveitando o meu paso por Taiwan, mellor. Pero sempre pensando en ofrecer un produto de calidade, feito a man, controlando todo o proceso de produción para gozalo. Iso é o que me motiva e o que defendo.

A miña intención non é ser unha gran marca. Por outra banda, non me pesa o oficio porque me apasiona e gozo con el día a día. O feito a man tamén pode ter un deseño de calidade, pero ademais hai un compromiso. E na nosa man está que a xente o saiba apreciar ou valorar! E nesas estamos...

Mis perspectivas no son a muy largo plazo. Lo que más me interesa o me motiva es seguir viajando y disfrutando de mi trabajo. Así pues, tener la oportunidad de que me hayan seleccionado para trabajar durante unos meses en una residencia de artistas, tal y como ahora mismo en Taiwán, es una ocasión maravillosa para concentrarse y desarrollar un proyecto creativo. ¿El futuro...? Está en nuestras manos.

¿Hasta qué punto 'pesan' el compromiso con el oficio, las exigencias del mercado, la responsabilidad de una iniciativa emprendedora o la exigencia de vender o exportar?

El compromiso es conmigo misma, no con el mercado... Evidentemente, para vivir de esto tengo que vender y si tengo posibilidad de acercarme a otros mercados como ahora mismo, aprovechando mi paso por Taiwán, mejor. Pero siempre pensando en ofrecer un producto de calidad, hecho a mano, controlando todo el proceso de producción para disfrutarlo. Eso es lo que me motiva y lo que defiendo.

Mi intención no es ser una gran marca. Por otra parte, no me pesa el oficio porque me apasiona y disfruto con él día a día. Lo hecho a mano también puede tener un diseño de calidad, pero además hay un compromiso. ¡Y en nuestra mano está que la gente lo sepa apreciar o valorar! Y en esas estamos...





ARDENTIA. UN EQUIPO, UNHA MARCA

ARDENTIA. UN EQUIPO, UNA MARCA



Con vinteito anos de experiencia tras de si, Ardentia diseña, materializa e vende coleccións netamente diferenciadas en prata de lei e esmalte ao lume en máis de vinte países. Á fronte do seu equipo de profesionais, Luis González, o seu artífice e fundador, converteu a Ardentia nunha empresa de referencia no sector.

“Comunicar, innovar e ilusionar son claves no noso proxecto. Buscamos que os nosos clientes se identifiquen non só cos deseños, senón tamén cos valores que transmiten as nosas coleccións. Axuntamos talento, tecnoloxía e innovación co saber facer do oficio, e mantemos calidade e paixón desde a idea inicial ao produto final. As nosas xoias falarán de nós...”.

Con ventiocho anos de experiencia tras de sí, Ardentia diseña, materializa y vende coleccións netamente diferenciadas en prata de ley y esmalte al fuego en más de veinte países. Al frente de su equipo de profesionales, Luis González, su artífice y fundador, ha convertido a Ardentia en una empresa de referencia en el sector.

“Comunicar, innovar e ilusionar son claves en nuestro proyecto. Buscamos que nuestros clientes se identifiquen no solo con los diseños, sino también con los valores que transmiten nuestras colecciones. Aunamos talento, tecnología e innovación con el saber hacer del oficio, y mantenemos calidad y pasión desde la idea inicial al producto final. Nuestras joyas hablarán de nosotros...”.

“Nunca deixamos de abrir portas e aceptar retos que nos permitisen evolucionar, sen complexos nin ataduras”

Se tivese que acotar a traxectoria e propostas de Ardentia, como as definiría? Xoyería contemporánea, de deseño, nova xoyería quizá...?

Ao longo da nosa traxectoria como obradoiro, quizá estivemos máis vinculados á idea de que faciamos xoyería de deseño. Talvez nestes últimos anos e dependendo de que coleccións, se cabe as máis orientadas aos diferentes mercados internacionais, probablemente teñan un compoñente importante do que se coñece como xoyería contemporánea.

Aínda que tamén é certo que en tantos anos de traballo, ocasionalmente fixemos os nosos primeiros pasos con materiais alternativos que tiñan sempre como base un traballo previo de deseño de xoyería en prata á que se engadía outros materiais e que probablemente se podería etiquetar como nova xoyería. En definitiva, creo que todos estes anos traballamos desde a óptica de facer xoyería cun deseño diferenciado e con certo carácter atlántico.

Si tuviese que acotar la trayectoria y propuestas de Ardentia, ¿cómo las definiría? ¿Joyería contemporánea, de diseño, nueva joyería quizá...?

A lo largo de nuestra trayectoria como taller, quizá hemos estado más vinculados a la idea de que hacíamos joyería de diseño. Tal vez en estos últimos años, y dependiendo de qué colecciones, si cabe las más orientadas a los diferentes mercados internacionales, probablemente tengan un componente importante de lo que se conoce como joyería contemporánea.

Aunque también es cierto que en tantos años de trabajo, ocasionalmente hemos hecho nuestros pinitos con materiales alternativos que tenían siempre como base un trabajo previo de diseño de joyería en plata a la que se añadía otros materiales, y que probablemente se podría etiquetar como nueva joyería. En definitiva, creo que todos estos años hemos trabajado desde la óptica de hacer joyería con un diseño diferenciado y con cierto carácter atlántico.

Aunque el soporte predominante en sus colecciones sea la plata, no es así en todos los casos. Tampoco son habituales ni los materiales ni las técnicas. ¿Se trata de un estilo propio, innovador, al margen de modas o clichés?

Sí, claramente. Las propias características del equipo humano que integra Ardentia, y su evolución desde el punto de vista de la formación, han dado lugar a que nuestras joyas estén resueltas sobre una base de oficio al que le hemos ido añadiendo otros valores como un diseño diferenciado, calidad en los acabados, presentación adecuada de producto... Y, por último, innovación en los procesos de taller y en el uso de las nuevas tecnologías como el 3D.



Aínda que o soporte predominante nas súas coleccións sexa a prata, non é así en todos os casos. Tampouco son habituais nin os materiais nin as técnicas. Trátase dun estilo propio, innovador, á marxe de modas ou clichés?

Si, claramente. As propias características do equipo humano que integra Ardentia, e a súa evolución desde o punto de vista da formación, deron lugar a que as nosas xoias estean resoltas sobre unha base de oficio ao que lle fomos engadindo outros valores como un deseño diferenciado, calidade nos acabados, presentación adecuada de produto... E, por último, innovación nos procesos de taller e no uso das novas tecnoloxías como o 3D.

Ademais do carácter artesanal, cal é o 'sello da casa' ou eses trazos distintivos que definen a Ardentia como marca e como empresa?

Desde sempre fomos bulideiros e pouco conformistas con respecto ao noso oficio e ao noso sector, polo que nunca deixamos de abrir portas e aceptar retos que nos permitisen evolucionar, sen complexos nin ataduras. Como

“Nunca hemos dejado de abrir puertas y aceptar retos que nos permitiesen evolucionar, sin complejos ni ataduras”

Además del carácter artesanal, ¿cuál es el 'sello de la casa' o esos rasgos distintivos que definen a Ardentia como marca y como empresa?

Desde siempre hemos sido inquietos y poco conformistas con respecto a nuestro oficio y a nuestro sector, por lo que nunca hemos dejado de abrir puertas y aceptar retos que nos



resultado desta evolución, hoxe son as nosas xoias as que mellor falan de toda a nosa traxectoria como obradoiro.

Todas as nosas xoias están garantidas por un importante proceso creativo, como paso previo a unha coidada elaboración onde o oficio, a calidade e, por último, as novas tecnoloxías, que toman especial protagonismo e que deron lugar aos valores polos que se recoñece a nosa marca.

Desde o punto de vista técnico, unha parte considerable das nosas coleccións están elaboradas con esmalte ao lume, que achega contraste e colorido á prata. En calquera caso, non renunciamos a materiais tradicionais como o acibeche ou as perlas, aos que lles damos unha visión renovada e contemporánea a través de deseños e formas diferenciadas que elegimos para cada unha delas.

permitiesen evolucionar, sin complejos ni ataduras. Como resultado de esta evolución, hoy son nuestras joyas las que mejor hablan de toda nuestra trayectoria como taller.

Todas nuestras joyas están respaldadas por un importante proceso creativo, como paso previo a una cuidada elaboración donde el oficio, la calidad y, por último, las nuevas tecnologías, que toman especial protagonismo y que han dado lugar a los valores por los que se reconoce nuestra marca.

Desde el punto de vista técnico, una parte considerable de nuestras colecciones están elaboradas con esmalte al fuego, que aporta contraste y colorido a la plata. En cualquier caso, no renunciamos a materiales tradicionales como el azabache o las perlas, a los que les damos una visión renovada y contemporánea a través de diseños y formas diferenciadas que elegimos para cada una de ellas.

Así pois, a utilización de novas tecnoloxías tanto no deseño como no desenvolvemento define dalgún modo a Ardentia. Certo?

Si, aínda que quizá nos defina máis a actitude aberta cara a esas novas tecnoloxías, tal e como pode ser o deseño 3D, que o seu uso en si mesmo. Hai que recoñecer que, desde o punto de vista do deseño de xoias, estas novas técnicas sumadas ás máis tradicionais abríronnos universos creativos que eran totalmente descoñecidos e inexplorados para os obradoiros de xoiaría.

“Durante o proceso do deseño das nosas coleccións temos moi presentes aspectos como o peso ou a propia ergonomía da xoia, pero sen renunciar en ningún momento para explorar novas formas...”

Por outra banda, ademais de orixinais tanto na súa concepción como na súa materialización, pódese falar de xoias ‘poñibles’?

Na nosa opinión, unha xoia non está totalmente terminada ata que alguén non a fai súa e a incorpora ao seu día a día.

Durante o proceso do deseño das nosas coleccións temos moi presentes aspectos como o peso ou a propia ergonomía da xoia, pero sen renunciar en ningún momento para explorar novas formas que distancien os nosos deseños das formas convencionais da xoiaría comercial.

As nosas xoias son especialmente ‘poñibles’, pero sobre todo para aquelas persoas sensibles e soñadoras que son capaces de conectar coa historia paralela que a xoia transmite, máis aló da forma do seu deseño.

En calquera caso, o seu público obxectivo é relativamente novo e cun poder adquisitivo medio alto. É así?

Cada vez máis se incorporan persoas de mediana idade, con sensibilidade e criterio para identificar os valores que transmiten as nosas xoias e cunha capacidade económica media. Actualmente, as nosas xoias non son en absoluto elitistas desde o punto de vista do poder adquisitivo.

En calquera caso, aínda que nas nosas coleccións pódense atopar pequenas xoias para un público infantil ou mesmo xoias temáticas...

Así pues, la utilización de nuevas tecnologías tanto en el diseño como en el desarrollo define de algún modo a Ardentia. ¿Certo?

Sí, aunque quizá nos defina más la actitud abierta hacia esas nuevas tecnologías, tal y como puede ser el diseño 3D, que su uso en sí mismo. Hay que reconocer que, desde el punto de vista del diseño de joyas, estas nuevas técnicas sumadas a las más tradicionales nos han abierto universos creativos que eran totalmente desconocidos e inexplorados para los talleres de joyería.

“Durante el proceso del diseño de nuestras colecciones tenemos muy presentes aspectos como el peso o la propia ergonomía de la joya, sin renunciar a explorar nuevas formas...”

Por otra parte, además de originales tanto en su concepción como en su materialización, ¿se puede hablar de joyas ‘ponibles’?

En nuestra opinión, una joya no está totalmente terminada hasta que alguien no la hace suya y la incorpora a su día a día.

Durante el proceso del diseño de nuestras colecciones tenemos muy presentes aspectos como el peso o la propia ergonomía de la joya, pero sin renunciar en ningún momento a explorar nuevas formas que distancien nuestros diseños de las formas convencionales de la joyería comercial.

Nuestras joyas son especialmente ‘ponibles’, pero sobre todo para aquellas personas sensibles y soñadoras que son capaces de conectar con la historia paralela que la joya transmite, más allá de la forma de su diseño.

En cualquier caso, su público objetivo es relativamente joven y con un poder adquisitivo medio alto. ¿Es así?

Cada vez más se incorporan personas de mediana edad, con sensibilidad y criterio para identificar los valores que transmiten nuestras joyas y con una capacidad económica media. Actualmente, nuestras joyas no son en absoluto elitistas desde el punto de vista del poder adquisitivo.

En cualquier caso, aunque en nuestras colecciones se pueden encontrar pequeñas joyas para un público infantil o, incluso, joyas temáticas...



Tras vinte e oito anos de oficio e de existencia como empresa, que foi máis difícil: a rodaxe, afianzar o proxecto ou garantir a súa sustentabilidade contando necesariamente con terceiras persoas?

Á experiencia me remito. O realmente difícil é afianzar a sustentabilidade, máis se temos en conta o compromiso que temos co noso propio equipo humano que é a base da empresa.

A situación económica actual que non veu máis que a evidenciar a falta de propostas no mercado que estean feitas desde a perspectiva empresarial. Así medrou a economía mergullada e o todo vale. Isto está a supoñer o gran lastre para obradoiros como o noso, que enfocou o seu futuro desde unha proposta profesional e cun equipo humano consolidado.

Tras veintiocho años de oficio y de existencia como empresa, ¿qué ha sido más difícil: el rodaje, afianzar el proyecto o garantizar su sostenibilidad contando necesariamente con terceras personas?

A la experiencia me remito. Lo realmente difícil es afianzar la sostenibilidad, más si tenemos en cuenta el compromiso que tenemos con nuestro propio equipo humano que es la base de la empresa.

La situación económica actual que no ha venido más que a evidenciar la falta de propuestas en el mercado que estén hechas desde la perspectiva empresarial. Así ha medrado la economía sumergida y el todo vale. Esto está suponiendo el gran lastre para talleres como el nuestro, que ha enfocado su futuro desde una propuesta profesional y con un equipo humano consolidado.

Cales son por tanto as súas perspectivas?

Ata agora mantivemos unha actitude 'testuda' con respecto ás adversidades dos últimos anos. Diversificamos, apostamos pola calidade, pola formación a nivel interno, polas novas tecnoloxías, por internacionalizar as nosas xoias, polas persoas... Todas estas decisións permitíronnos estar presentes no mercado e seguir traballando para consolidar un proxecto que, nalgún momento —28 anos atrás— foi un soño.

Traballamos moi duro para adaptarnos ao cambio no que está inmersa a nosa sociedade e para comunicar mellor os valores que conforman as nosas coleccións de xoias, de maneira que podamos atopar a mellor maneira de consolidar un marco de sustentabilidade de certas garantías, tanto para a marca como para o equipo humano sobre a que se sustenta.

Como intúe o futuro?

Duro, moi duro... Pero ao final será un futuro amable cos produtos que se tivesen gañado o seu espazo no mercado por estar resoltos con calidade e por ter alma, unha historia real, un deseño diferenciado...E, por suposto, valores que, ademais, terán que saber comunicalos adecuadamente. No noso caso, poderíamos resumilo como: "xoias feitas por persoas para persoas" que, tal e como se intúe de inmediato, leva implícitos moitos dos nosos valores como empresa.


¿Cuáles son por tanto sus perspectivas?

Hasta ahora hemos mantenido una actitud 'terca' con respecto a las adversidades de los últimos años. Diversificamos, apostamos por la calidad, por la formación a nivel interno, por las nuevas tecnologías, por internacionalizar nuestras joyas, por las personas... Todas estas decisiones nos han permitido estar presentes en el mercado y seguir trabajando para consolidar un proyecto que, en algún momento —28 años atrás— fue un sueño.

Trabajamos muy duro para adaptarnos al cambio en el que está inmersa nuestra sociedad y para comunicar mejor los valores que conforman nuestras colecciones de joyas, de manera que podamos encontrar la mejor manera de consolidar un marco de sostenibilidad de ciertas garantías, tanto para la marca como para el equipo humano sobre la que se sustenta.

¿Cómo intuye el futuro?

Duro, muy duro... Pero al final será un futuro amable con los productos que se hayan ganado su espacio en el mercado por estar resueltos con calidad y porque tener alma, una historia real, un diseño diferenciado... Y, por supuesto, valores que, además, tendrán que saber comunicarlos adecuadamente. En nuestro caso, podríamos resumirlo como: "joyas hechas por personas para personas" que, tal y como se intuye de inmediato, lleva implícitos muchos de nuestros valores como empresa.





Ata que punto “pesa” o rol de empresario e o compromiso que supón, a responsabilidade dun equipo numeroso ou a esixencia de exportar?

Nunha empresa tan pequena como a nosa, as distancias nos papeis que desenvolvemos cada un de nós case non existen. E así, un encargo dunha xoja personalizada convive fisicamente cun pedido para un cliente de Abu Dabi.

E, da mesma maneira, a miña faceta empresarial mestúrase coa de deseñador, coa de comercial ou embaixador da nosa marca ou con outras menos ‘glamurosas’... E si, nestes últimos dez anos participamos nun bo número de feiras internacionais (Inhorgenta, As Vegas, Bihorca, Tendence...), coa intención de iniciar un pequeno proceso de internacionalización da nosa marca.

Finalmente foi por unha visión anticipada do que máis tarde xa sería unha necesidade polos acontecementos económicos que retardaron o consumo interno en España. A venda dos nosos produtos a nivel internacional formou parte do conxunto de decisións que nos permitiron chegar ata este momento, coa sensación de que aínda está nas nosas mans levar adiante os proxectos que temos para o noso obradoiro e a súa marca: Ardentia.

¿Hasta qué punto ‘pesan’ el rol de empresario y el compromiso que supone, la responsabilidad de un equipo numeroso o la exigencia de exportar?

En una empresa tan pequeña como la nuestra, las distancias en los papeles que desarrollamos cada uno de nosotros casi no existen. Y así, un encargo de una joya personalizada convive físicamente con un pedido para un cliente de Abu Dabi.

Y, de la misma manera, mi faceta empresarial se mezcla con la de diseñador, con la de comercial o embajador de nuestra marca o con otras menos ‘glamurosas’... Y sí, en estos últimos diez años hemos participado en un buen número de ferias internacionales (Inhorgenta, Las Vegas, Bihorca, Tendence...), con la intención iniciar un pequeño proceso de internacionalización de nuestra marca.

Finalmente ha sido por una visión anticipada de lo que más tarde ya sería una necesidad por los acontecimientos económicos que han ralentizado el consumo interno en España. La venta de nuestros productos a nivel internacional ha formado parte del conjunto de decisiones que nos han permitido llegar hasta este momento, con la sensación de que todavía está en nuestras manos llevar adelante los proyectos que tenemos para nuestro taller y su marca: Ardentia.

Ardentia S.L.
Luis González Bahamonde
Parroquia de Rois, parcela B-31, nave 1,
Polígono de Bergondo
15173 Bergondo (A Coruña)
Tel. 881 980 219
administracion@ardentia.es
www.ardentia.es
Carta de artesán / Carta de artesano n.º 373
Obradoiro artesán / Taller artesano n.º 139



JATAFARTA, DESEÑO E INNOVACIÓN

JATAFARTA, DISEÑO E INNOVACIÓN

Desenvolver un labor tradicional desde unha óptica marcadamente contemporánea permite expandir a mirada, xerar novas perspectivas ao redor da artesanía sen deixar de defender aspectos como a calidade, a sustentabilidade e a preocupación estética. Poderíamos dicir que estas son, a grandes rasgos, as principais liñas de actuación de Jatafarta; idear fórmulas xenuínas de produción sen esquecer “as conexións entre a praxe e a idea, que sempre definen un bo traballo artesán”.

Desarrollar una labor tradicional desde una óptica marcadamente contemporánea permite expandir la mirada, generar nuevas perspectivas en torno a la artesanía sin dejar de defender aspectos como la calidad, la sustentabilidad y la preocupación estética. Podríamos decir que estas son, a grandes rasgos, las principales líneas de actuación de Jatafarta; idear fórmulas genuinas de producción sin olvidar “las conexiones entre la praxis y la idea, que siempre definen un buen trabajo artesano”.

Edita Rodríguez Oca viviu desde pequena rodeada de obradoiros artesanais: o do seu pai, o da súa nai, o do seu irmán e os doutros tantos veciños que compuñan unha comunidade con máis de corenta empresas dedicadas ao oficio. Talvez por iso a súa primeira alternativa profesional foi buscar unha vía de escape e iniciar a carreira de económicas, pero o seu espírito curioso pronto a retornou ao mundo dos obxectos; realiza un curso de volume na escola Mestre Mateo e máis tarde licénciase en Belas Artes, confirmando que o seu é a creatividade. Desde o ano 2006 esfórzase por sacar adiante Jatafarta, proxecto no que se involucra con maior responsabilidade tras abrir o seu obradoiro en Santiago de Compostela, no que continúa traballando e formándose para “mellorar as técnicas, aprender o oficio, depurar os deseños e buscar unha liña de identificación persoal”.

Entre os artigos máis comúns que podemos atopar no seu estudio están as carteiras e os bolsos, que sinalan a súa singularidade a través dun tratamento do coiro nada convencional. Edita mostra as engurras do material, fúrao ou presenta a súa asimetría como motivo diferencial. Doutra banda están as pezas máis orixinais e que describen sen dúbida o seu carácter explorador: pas matamoscas, marcos de espellos que simulan cintos axustados, pouxa vasos que compoñen un quebracabezas de motivos ornamentais, diademas con orellas ou pisapapeis de cantos

Edita Rodríguez Oca ha vivido desde pequeña rodeada de talleres artesanales: el de su padre, el de su madre, el de su hermano y los de otros tantos vecinos que componían una comunidad con más de cuarenta empresas dedicadas al oficio. Tal vez por eso su primera alternativa profesional fue buscar una vía de escape e iniciar la carrera de económicas, pero su espíritu curioso pronto la retornó al mundo de los objetos; realiza un curso de volumen en la escuela Mestre Mateo y más tarde se licencia en Bellas Artes, confirmando que lo suyo es la creatividad. Desde el año 2006 se esfuerza por sacar adelante Jatafarta, proyecto en el que se involucra con mayor responsabilidad tras abrir su taller en Santiago de Compostela, en el que continúa trabajando y formándose para “mejorar las técnicas, aprender el oficio, depurar los diseños y buscar una línea de identificación personal”.

Entre los artículos más comunes que podemos encontrar en su estudio están las carteras y los bolsos, que señalan su singularidad a través de un tratamiento del cuero nada convencional. Edita muestra las arrugas del material, lo agujerea o presenta su asimetría como motivo diferencial. Por otra parte están las piezas más originales y que describen sin duda su carácter explorador: palas matamoscas, marcos de espejos que simulan cinturones ajustados, posa vasos que componen un puzzle de motivos ornamentales, diademas con orejas o pisapapeles de



Edita mostra as engurras do material, fúrao ou presenta a súa asimetría como motivo diferencial


Edita muestra las arrugas del material, lo agujerea o presenta su asimetría como motivo diferencial

“É importante para min ter a liberdade de pensar fóra das lóxicas do material; igual é por iso polo que traballo buscando tamén os seus límites”

rodados enfundados en coiro ofrecen pistas da peculiaridade dos seus proxectos. Estamos ante unha mente inquieta que se reconece apaixonada do deseño; darlle voltas á cabeza para idear novos conceptos, romper os estereotipos e situarse nun espazo de interconexión entre o funcional e o conceptual é para Edita o máis emocionante do seu traballo. A súa formación escultórica permitiulle operar desde perspectivas complexas e “someter a análise calquera decisión formal, funcional ou estética na construción dun obxecto”. Esta aposta pola reflexión e a procura de novos estímulos lévana a non pecharse vías de experimentación: “É importante para min ter a liberdade de pensar fóra das lóxicas do material; igual é por iso polo que traballo buscando tamén os seus límites”. “Os materiais manipúlanse e ao facelo estimulan o cerebro. Cada un faino á súa maneira. Aínda que o coiro me gusta, non quero perder a posibilidade de aprender con outros materiais”.

“Es importante para mí tener la libertad de pensar fuera de las lógicas del material; igual por eso es por lo que trabajo buscando también sus límites”

cantos rodados enfundados en coiro ofrecen pistas de la peculiaridad de sus proyectos. Estamos ante una mente inquieta que se reconoce apasionada del diseño; darle vueltas a la cabeza para idear nuevos conceptos, romper los estereotipos y situarse en un espacio de interconexión entre lo funcional y lo conceptual es para Edita lo más emocionante de su trabajo. Su formación escultórica le ha permitido operar desde perspectivas complejas y “someter a análisis cualquier decisión formal, funcional o estética en la construcción de un objeto”. Esta apuesta por la reflexión y la búsqueda de nuevos estímulos la llevan a no cerrarse vías de experimentación: “Es importante para mí tener la libertad de pensar fuera de las lógicas del material; igual por eso es por lo que trabajo buscando también sus límites”. “Los materiales se manipulan y al hacerlo estimulan el cerebro. Cada uno lo hace a su manera. Aunque el coiro me gusta, no quiero perder la posibilidad de aprender con otros materiales”.





○ Jatafarta
Edita Rodríguez Oca
Travesía de Basquiños, 14
15704 Santiago de Compostela (A Coruña)
Tel. 600 295 633
jatafarta@gmail.com
www.jatafarta.com
Carta de artesá / Carta de artesana n.º 1225
Obradoiro artesán / Taller artesano n.º 648

UN PASO CARA A ADIANTE

UN PASO HACIA ADELANTE

“Cada vez atopo máis esperanza nas maneiras de facer que se levan a cabo nas actividades artesás, porque se protexen con valores como a calidade, a pequena escala, a exclusividade, o local, o traballo coidado, a creatividade e as formas de uso responsables”

“Cada vez encuentro más esperanza en las maneras de hacer que se llevan a cabo en las actividades artesanas, porque se protegen con valores como la calidad, la pequeña escala, la exclusividad, lo local, el trabajo cuidado, la creatividad y las formas de uso responsables”

Como en todo exercicio de creatividade, os pasos previos á formalización da peza resultan case sempre enmarañados. Unha idea pode descansar días, meses ou mesmo anos na cabeza ata que se materializa ou, ao contrario, resultar case inmediata. Despois chegan os bosquejos, os patróns e a realización do prototipo, tras o que comezan outras tarefas que teñen que ver coa súa vertente máis mercantil: comprobar a resistencia da peza, estudar a súa produción, taxala, realizar o packaging, promocionala e situala no mercado. Un traballo que normalmente recae na mesma persoa pero que moitas veces se volve inabarcable: “O problema atopámolo, ou así foi no meu caso, cando te convertes nunha persoa *orquestra* que ten que atender a moitas fronteas á vez, cada cal máis complexa e que esixe certa especialización”. E é que un dos hándicaps e, á vez motivo de recoñecemento, do sector artesán é ter que solucionar aspectos de deseño, obtención de materiais, problemas técnicos, produción, promoción e comercialización ao mesmo tempo. Por iso, Edita defende a implicación de diferentes axentes no desenvolvemento e comercialización das pezas para crear unha rede de colaboracións que se manifeste no perfeccionamento do sector: “Hai que crear unha rede forte onde se compartan saber, tecnoloxías, miradas e esforzos dunha maneira transversal. Un sector forte representa un patrimonio cultural significativo e posúe unha acumulación de saber e coñecemento que a sociedade non debe perder”. Para iso,

Como en todo exercicio de creatividade, los pasos previos a la formalización de la pieza resultan casi siempre enmarañados. Una idea puede descansar días, meses o incluso años en la cabeza hasta que se materializa o, al contrario, resultar casi inmediata. Después llegan los bocetos, los patrones y la realización del prototipo, tras lo que comienzan otras tareas que tienen que ver con su vertiente más mercantil: comprobar la resistencia de la pieza, estudiar su producción, tasarla, realizar el packaging, promocionarla y posicionarla en el mercado. Un trabajo que normalmente recae en la misma persona pero que muchas veces se vuelve inabarcable: “El problema lo encontramos, o así fue en mi caso, cuando te conviertes en una persona *orquestra* que tiene que atender a muchos frentes a la vez, cada cual más complejo y que exige cierta especialización”. Y es que uno de los hándicaps y, a la vez motivo de reconocimiento, del sector artesano es tener que solucionar aspectos de diseño, obtención de materiales, problemas técnicos, producción, promoción y comercialización al mismo tiempo. Por eso, Edita defiende la implicación de diferentes agentes en el desarrollo y comercialización de las piezas para crear una red de colaboraciones que se manifieste en el perfeccionamiento del sector: “Hay que crear una red fuerte donde se compartan saber, tecnologías, miradas y esfuerzos de una manera transversal. Un sector fuerte representa un patrimonio cultural significativo y posee una acumulación de saber y conocimiento que la sociedad no debe perder”. Para ello,





tamén é necesario reinventar as fórmulas de produción e visibilidade: “O produto artesán necesita ofrecer a posibilidade dun consumo intelixente. Ademais de calidade ten que haber valores de contemporaneidade, deseño, etc. O sector ten que implicarse nas novas dinámicas, moverse en Internet, vender no estranxeiro... facer atractivo o seu produto modernizando tamén a comunicación e a imaxe”.

Nun contexto marcado pola urxencia, o auxe dun consumismo frenético, despersonalizado e perecedeiro, apremia a necesidade de sensibilizar ao público. Comezando pola concienciación ecolóxica e o aproveitamento de recursos e continuando por garantir a dignidade laboral, a artesanía preséntase como esperanza de cambio: “Cada vez atopo máis esperanza nas maneiras de facer que se levan a cabo nas actividades artesás, porque se protexen con valores como a calidade, a pequena escala, a exclusividade, o local, o traballo coidado, a creatividade e as formas de uso responsables”.

también es necesario reinventar las fórmulas de producción y visibilidad: “El producto artesano necesita ofrecer la posibilidad de un consumo inteligente. Además de calidad tiene que haber valores de contemporaneidad, diseño, etc. El sector tiene que implicarse en las nuevas dinámicas, moverse en Internet, vender en el extranjero... hacer atractivo su producto modernizando también la comunicación y la imagen”.

En un contexto marcado por la urgencia, el auge de un consumismo frenético, despersonalizado y perecedero, apremia la necesidad de sensibilizar al público. Comenzando por la concienciación ecológica y el aprovechamiento de recursos y continuando por garantizar la dignidad laboral, la artesanía se presenta como esperanza de cambio: “Cada vez encuentro más esperanza en las maneras de hacer que se llevan a cabo en las actividades artesanas, porque se protegen con valores como la calidad, la pequeña escala, la exclusividad, lo local, el trabajo cuidado, la creatividad y las formas de uso responsables”.



LUIS MÍGUEZ RELOJEROS, O TEMPO ENTRE AS MANS

LUIS MÍGUEZ RELOJEROS, EL TIEMPO ENTRE LAS MANOS

Cando pensamos no oficio de reloxeiro adoitamos facelo a través dunha idea preconcebida, o noso cerebro debuxa case automaticamente a figura, a miúdo poetizada, dun traballador ensimesmado que ensambla pezas sobre a súa mesa de taller. Falar con Luis Míguez, fundador dunha das empresas de relojería de alta gama máis prestixiosas de España, permítenos liberarnos dos tópicos para acceder sen prexuízos ao descoñecido, intrincado e cativador universo da relojería. Verificamos, ademais, que a tecnoloxía non está rifada co traballo manual e que é a convivencia de ambos métodos o que permite alcanzar o máximo nivel de calidade sen abandonar os procesos artesáns.

Quando pensamos en el oficio de relojero solemos hacerlo a través de una idea preconcebida, nuestro cerebro dibuja casi automáticamente la figura, a menudo poetizada, de un trabajador ensimismado que ensambla piezas sobre su mesa de taller. Hablar con Luis Míguez, fundador de una de las empresas de relojería de alta gama más prestigiosas de España, nos permite liberarnos de los tópicos para acceder sin prejuicios al desconocido, intrincado y cautivador universo de la relojería. Verificamos, además, que la tecnología no está reñida con el trabajo manual y que es la convivencia de ambos métodos lo que permite alcanzar el máximo nivel de calidad sin abandonar los procesos artesanos.

“Calidade, terminación, acabados exquisitos e facer o que ninguén é capaz de facer. Esta aposta supuxo moito investimento de diñeiro e tecnoloxía, cambiar o concepto totalmente”

“Calidad, terminación, acabados exquisitos y hacer lo que nadie es capaz de hacer. Esta apuesta supuso mucha inversión de dinero y tecnología, cambiar el concepto totalmente”

Tras entrar en contacto co oficio da man do seu tío, Luís continúa formándose até iniciar a súa actividade profesional como empregado. É no ano 2000 cando decide dar o paso e independizarse: “Necesitaba máis espazo para facer cousas e para desenvolver a profesión como a min me parecía que se debía facer”. Así nace a firma Luís Míguez Relojeros, situada nun obradoiro de Ordes no que Luis e os seus empregados realizan labores de restauración e reparación de reloxos abarcando o 100% do proceso. Desde a fase mecánica até as técnicas de tratamento externo, as pezas atópanse localizadas mediante un sistema informático que permite realizar un seguimento do seu estado de reparación. Este nivel de especialización tradúcese nunha garantía de confianza: “O cliente quere que as súas pezas non se movan, saber onde están situadas e que todo se realice no mesmo centro”.

Os primeiros anos supuxeron unha toma de contacto e estiveron marcados pola necesidade de sacar adiante o negocio, ofrecendo servizos a tenda por volume de traballo a niveis baixos de reparación. Con todo, o espírito emprendedor de Luis Míguez, o interese por extraer o máximo partido ao seu oficio e os primeiros síntomas dunha crise que xa advertía consecuencias, foron os detonantes para apostar por un novo modelo de negocio, incorporando paulatinamente encargos de alta gama. Ofrecer excepcionalidade, esa foi a súa premisa: “Calidade, terminación, acabados exquisitos e facer o que ninguén é capaz de facer. Esta aposta supuxo moito investimento de diñeiro e tecnoloxía, cambiar o concepto totalmente”.

Tras entrar en contacto con el oficio de la mano de su tío, Luis continúa formándose hasta iniciar su actividad profesional como empleado. Es en el año 2000 cuando decide dar el paso e independizarse: “Necesitaba más espacio para hacer cosas y para desarrollar la profesión como a mi me parecía que se debía hacer”. Así nace la firma Luis Míguez Relojeros, ubicada en un taller de Ordes en el que Luis y sus empleados realizan labores de restauración y reparación de relojes abarcando el 100% del proceso. Desde la fase mecánica hasta las técnicas de tratamiento externo, las piezas se encuentran localizadas mediante un sistema informático que permite realizar un seguimiento de su estado de reparación. Este nivel de especialización se traduce en una garantía de confianza: “El cliente quiere que sus piezas no se muevan, saber dónde están ubicadas y que todo se realice en el mismo centro”.

Los primeros años supusieron una toma de contacto y estuvieron marcados por la necesidad de sacar adelante el negocio, ofreciendo servicios a tienda por volumen de trabajo a niveles bajos de reparación. Sin embargo, el espíritu emprendedor de Luis Míguez, el interés por extraer el máximo partido a su oficio y los primeros síntomas de una crisis que ya advertía consecuencias, fueron los detonantes para apostar por un nuevo modelo de negocio, incorporando paulatinamente encargos de alta gama. Ofrecer excepcionalidad, esa fue su premisa: “Calidad, terminación, acabados exquisitos y hacer lo que nadie es capaz de hacer. Esta apuesta supuso mucha inversión de dinero y tecnología, cambiar el concepto totalmente”.



O MECANISMO DO TEMPO

EL MECANISMO DEL TIEMPO

“Tes que dominar técnicas que son de artesanía pura, se hai que facer unha peza ten que fabricarse a man. Eu formeime en diferentes técnicas de xoiaría que despois traslado ao meu traballo”

Un bo reloxeiro nunca acaba de formarse, polo menos un mes ao ano dedícase á aprendizaxe. Non basta con coñecer a técnica, é necesaria unha especialización continua que engloba campos tan dispares como a ourivaría, a soldadura, a cerámica, o pulido... “Tes que dominar técnicas que son de artesanía pura, se hai que facer unha peza ten que fabricarse a man. Eu formeime en diferentes



técnicas de xoiaría que despois traslado ao meu traballo”. Sen dúbida, un traballo delicado que require ademais gran precisión e que Luis Míguez interioriza como unha parte de si mesmo: “Nunca monto os reloxo por ficha técnica, afíxenme a memorizar as pezas”.

No obradoiro de Luis Míguez Relojeros existen áreas diferenciadas para cada tipo de traballo. Por unha banda están as zonas de control de hermetismo e de pulido e limpeza, onde se realizan as reparacións manexando a tecnoloxía que controla os rexistros de máquina, parámetros e valores de funcionamento. Por outro lado está o


“Tienes que dominar técnicas que son de artesanía pura, si hay que hacer una pieza tiene que fabricarse a mano. Yo me he formado en diferentes técnicas de joyería que después traslado a mi trabajo”

Un buen relojero nunca acaba de formarse, al menos un mes al año se dedica al aprendizaje. No basta con conocer la técnica, es necesaria una especialización continua que engloba campos tan dispares como la orfebrería, la soldadura, la cerámica, el pulido... “Tienes que dominar técnicas que son de artesanía pura, si hay que hacer una pieza tiene que fabricarse a mano. Yo me he formado en



diferentes técnicas de joyería que después traslado a mi trabajo”. Sin duda, un trabajo delicado que requiere además gran precisión y que Luis Míguez interioriza como una parte de sí mismo: “Nunca monto los relojes por ficha técnica, me he acostumbrado a memorizar las piezas”.

En el taller de Luis Míguez Relojeros existen áreas diferenciadas para cada tipo de trabajo. Por un lado están las zonas de control de hermetismo y de pulido y limpieza, donde se realizan las reparaciones manejando la tecnología que controla los registros de máquina, parámetros y valores de funcionamiento. Por otra parte está el espacio





espazo de tornos e soldadura, dedicado á restauración e, por último, un almacén de pezas rigorosamente ordenado e a recepción. Así, a última tecnoloxía combínase coas operacións manuais máis meticulosas para desenvolver o traballo coa máxima precisión. Talvez é este un dos segredos para entender por que un obradoiro de Ordes funciona exactamente igual que os seus homólogos suízos, contando cos certificados de calidade dos fabricantes validados a nivel mundial.

Falando do futuro, o presente e o pasado do sector, Luis Míguez distingue entre o verdadeiro reloxeiro e as tendas de venda que buscan o beneficio por riba da calidade. "Empezouse a devaluar o valor do reloxo para pasar a ser un artigo de consumo máis. Afastouse a distancia entre a profesión, o artesán e o cliente final". Pero máis

de tornos y soldadura, dedicado a la restauración y, por último, un almacén de piezas rigorosamente ordenado y la recepción. Así, la última tecnología se combina con las operaciones manuales más meticulosas para desarrollar el trabajo con la máxima precisión. Tal vez es este uno de los secretos para entender por qué un taller de Ordes funciona exactamente igual que sus homólogos suizos, contando con los certificados de calidad de los fabricantes validados a nivel mundial.

Hablando del futuro, el presente y el pasado del sector, Luis Míguez distingue entre el verdadero relojero y las tiendas de venta que buscan el beneficio por encima de la calidad. "Se empezó a devaluar el valor del reloj para pasar a ser un artículo de consumo más. Se alejó la distancia entre la profesión, el artesano y el cliente final". Pero

“Un reloxo dixital é unha máquina imprimindo circuitos, un reloxo mecánico é enxeñaría mecánica”

“Un reloj digital es una máquina imprimiendo circuitos, un reloj mecánico es ingeniería mecánica”

aló dos reloxos de cuarzo ou electrónicos, o boom do dixital e a actual tendencia a consultar a hora a través da pantalla do noso *smartphone*, cando falamos de reloxos clásicos ou de alta gama poderíamos dicir que cada un perfila a súa personalidade. “Un reloxo dixital é unha máquina imprimindo circuitos, un reloxo mecánico é enxeñaría mecánica”. Cada reloxo conta con sons diferentes, mecanismos internos específicos que permiten ao afeccionado deleitarse co seu funcionamento, crear un vínculo emocional. O cliente busca coñecer os procesos: “Hai moita xente que se sorprende e aprecia o valor da profesión, a esta xente hai que consentila, permitirlle ver os obradoiros, coñecer o noso funcionamento”.

Os avances técnicos e informáticos foron significativos para o oficio: Internet posibilita o contacto con profesionais de calquera punto da xeografía, facilita a obtención de repostos, a informatización dos procesos e o acceso a portais de formación. A maquinaria moderna favorece as técnicas de control de hermetismo e limpeza, xerando resultados moi fiables que aforran tempo e permiten medir os resultados do traballo. Namentres, o reloxo mantén o seu eterno tic tac, perpetuando o seu funcionamento a través do paso dos anos: “Un bo reloxo é unha maquinaria de manufactura, son pezas mecánicas, sustentables no tempo, que non consumen máis enerxía que a corda que lle dá un mesmo”.

más allá de los relojes de cuarzo o electrónicos, el boom de lo digital y la actual tendencia a consultar la hora a través de la pantalla de nuestro *smartphone*, cuando hablamos de relojes clásicos o de alta gama podríamos decir que cada uno perfila su personalidad. “Un reloj digital es una máquina imprimiendo circuitos, un reloj mecánico es ingeniería mecánica”. Cada reloj cuenta con sonidos diferentes, mecanismos internos específicos que permiten al aficionado deleitarse con su funcionamiento, crear un vínculo emocional. El cliente busca conocer los procesos: “Hay mucha gente que se sorprende y aprecia el valor de la profesión, a esta gente hay que mimarla, permitirle ver los talleres, conocer nuestro funcionamiento”.

Los avances técnicos e informáticos han sido significativos para el oficio: Internet posibilita el contacto con profesionales de cualquier punto de la geografía, facilita la obtención de repuestos, la informatización de los procesos y el acceso a portales de formación. La maquinaria moderna favorece las técnicas de control de hermetismo y limpieza, generando resultados muy fiables que ahorran tiempo y permiten medir los resultados del trabajo. Entretanto, el reloj mantiene su eterno tic tac, perpetuando su funcionamiento a través del paso de los años: “Un buen reloj es una maquinaria de manufactura, son piezas mecánicas, sostenibles en el tiempo, que no consumen más energía que la cuerda que le da uno mismo”.

○ José Luis Míguez Cristóbal
Alfonso Senra, 136
15680 Ordes (A Coruña)
Tel. 981 681 896
info@luismiguez.com
www.luismiguezrelojeros.com
Carta de artesán / Carta de artesano n.º 2552
Obradoiro artesán / Taller artesano n.º 513



A HISTORIA CON FÍO E AGULLA

LA HISTORIA CON HILO Y AGUJA

Froito do interese polas manifestacións folclóricas galegas e, sobre todo, por perpetuar a súa esencia para impedir que algún día se esqueza, nace no ano 2006 BULIDEIRA

Fruto del interés por las manifestaciones folclóricas gallegas y, sobre todo, por perpetuar su esencia para impedir que algún día se olvide, nace en el año 2006 BULIDEIRA

Ao contrario do que sucede a miúdo no oficio da artesanía, a historia de Montse Liñares non xorde dunha actitude creativa prematura ou dunha tradición familiar arraigada. Todo comeza coa súa introdución no mundo do folclore, afección que lle inculca o seu marido e que rapidamente se converte en paixón. A súa andaina no sector artesán iniciábase como por casualidade, vaise fraguando aos poucos como parte dunha necesidade para finalizar fascinada por un labor do que tivo que aprender de forma autodidacta: “Como estaba relacionada co mundo do folclore cando facía falta, por exemplo, facer un bordado e non atopaba a ninguén tiña que solucionalo por min mesma. Empecei por aprender a bordar, despois fixen diferentes cursos e fun formándome no que necesitaba. Desesa forma fun entrando no mundo do téxtil; ata que a xente comezou a facerme pequenos encargos. Entón pensei que quizais estaba aí a miña profesión, e ao final acabou séndoo”.

Froito deste interese polas manifestacións folclóricas gallegas e, sobre todo, por perpetuar a súa esencia para impedir que algún día se esqueza, nace no ano 2006 Bulideira, un negocio que encabeza Montse e ao que lle seguen a súa irmá Mónica e a súa filla Lucía. Situada en Santiago de Compostela, Bulideira toma forma como tenda-obradoiro onde, ademais de habilitar un espazo de traballo artesanal, reúnen todos os elementos necesarios para o mundo do traxe tradicional. Sen dúbida, unha aposta arriesgada para un mundo de emerxencias que cada vez parece aproximarse máis á unificación das modas. Este acto de resistencia contén certo carácter romántico, lembra aquel movemento decimonónico que reivindicaba como ciencia as manifestacións culturais dos pobos e do que xorde a palabra folclore (saber popular). Pero sobre todo debemos falar de valentía e, dalgunha maneira, tamén de certo espírito contemporáneo. As boas ideas xorden para suplir unha necesidade e, neste caso, o labor desempeñado en Bulideira permite non só dar un servizo de calidade aos grupos de baile ou os gaiteiros, os seus principais clientes, senón tamén dar a coñecer o valor do produto, a súa versatilidade. Isto demostrábase cando unha mesma peza funciona como prenda imprescindible no traxe rexional galego ou como complemento de uso diario: “Buscamos que poida existir ese salto. De feito, temos clientes que non teñen que ver co mundo do folclore pero buscan algo especial para usar no día a día”.

Al contrario de lo que sucede a menudo en el oficio de la artesanía, la historia de Montse Liñares no surge de una actitud creativa prematura o de una tradición familiar arraigada. Todo comienza con su introducción en el mundo del folclore, afición que le inculca su marido y que rápidamente se convierte en pasión. Su andadura en el sector artesano se inicia como por casualidad, se va fraguando poco a poco como parte de una necesidad para finalizar fascinada por una labor de la que tuvo que aprender de forma autodidacta: “Como estaba relacionada con el mundo del folclore cuando hacía falta, por ejemplo, hacer un bordado y no encontraba a nadie tenía que solucionarlo por mí misma. Empecé por aprender a bordar, después hice diferentes cursos y fui formándome en lo que necesitaba. De esa forma fui entrando en el mundo del textil; hasta que la gente comenzó a hacerme pequeños encargos. Entonces pensé que quizás estaba ahí mi profesión, y al final acabó siéndolo”.

Fruto de este interés por las manifestaciones folclóricas gallegas y, sobre todo, por perpetuar su esencia para impedir que algún día se olvide, nace en el año 2006 Bulideira, un negocio que encabeza Montse y al que le siguen su hermana Mónica y su hija Lucía. Ubicada en Santiago de Compostela, Bulideira toma forma como tienda-taller donde, además de habilitar un espacio de trabajo artesanal, se reúnen todos los elementos necesarios para el mundo del traje tradicional. Sin duda, una apuesta arriesgada para un mundo de emergencias que cada vez parece aproximarse más a la unificación de las modas. Este acto de resistencia contiene cierto carácter romántico, recuerda aquel movimiento decimonónico que reivindicaba como ciencia las manifestaciones culturales de los pueblos y del que surge la palabra folclore (saber popular). Pero sobre todo debemos hablar de valentía y, de alguna manera, también de cierto espíritu contemporáneo. Las buenas ideas surgen para suplir una necesidad y, en este caso, la labor desempeñada en Bulideira permite no solo dar un servicio de calidad a los grupos de baile o los gaiteiros, sus principales clientes, sino también dar a conocer el valor del producto, su versatilidad. Esto se demuestra cuando una misma pieza funciona como prenda imprescindible en el traje regional gallego o como complemento de uso diario: “Buscamos que pueda existir ese salto. De hecho, tenemos clientes que no tienen que ver con el mundo del folclore pero buscan algo especial para usar en el día a día”.

TRADICIÓN E SENSIBILIDADE

TRADICIÓN Y SENSIBILIDAD

“Hai que darlle o valor do que significa a artesanía, as horas investidas en cada peza, o mimo co que se producen... Son pezas de longa duración, que poden conservarse tras 200 ou 300 anos. Están pensadas para pasar de xeración en xeración”

“Hay que darle el valor de lo que significa la artesanía, las horas invertidas en cada prenda, el mimo con el que se producen... Son piezas de larga duración, que pueden conservarse tras 200 o 300 años. Están pensadas para pasar de generación en generación”

Un dos seus principais logros reflíctese precisamente na singularidade de cada peza, nese *sentirse especial* que busca a persoa cando viste a prenda e que non pode conseguirse coa fabricación industrial. Trátase de deseños únicos, a maioría deles confeccionados a medida, traxes realizados con gran detallismo que permiten valorar cada elemento. Por iso, Montse defende que as máquinas nunca chegarán a ofrecer o mesmo nivel de acabado e de calidade: “Hai que darlle o valor do que significa a artesanía, as horas investidas en cada peza, o mimo co que se producen... Son pezas de longa duración, que poden conservarse tras 200 ou 300 anos. Están pensadas para pasar de xeración en xeración”.

Outro valor engadido é o proceso de traballo, que empeza moito antes de comezar a cortar a tea para a súa produción. O primeiro paso é o estudo de campo, un labor imprescindible que implica investigar e recompilar toda a información necesaria sobre as pezas antigas para despois reproducilas. Para iso vístanse museos e percórrense as aldeas en busca de información documental, recóllense as pezas, restáuranse e prepáranse para sacarlles o patrón. É entón cando se inicia a actividade no obradoiro no que Montse, Mónica e Lucía invisten varias horas bordando a man os motivos, realizando o encaixe e comprobando que se respectan os deseños orixinais. Conscientes da importancia de condensar en cada traxe as manifestacións do saber popular, de acudir á historia

Uno de sus principales logros se refleja precisamente en la singularidad de cada pieza, en ese sentirse especial que busca la persona cuando viste la prenda y que no puede conseguirse con la fabricación industrial. Se trata de diseños únicos, la mayoría de ellos confeccionados a medida, trajes realizados con gran detallismo que te hacen valorar cada elemento. Por eso, Montse defiende que las máquinas nunca llegarán a ofrecer el mismo nivel de acabado y de calidade: “Hay que darle el valor de lo que significa la artesanía, las horas invertidas en cada prenda, el mimo con el que se producen... Son piezas de larga duración, que pueden conservarse tras 200 o 300 años. Están pensadas para pasar de generación en generación”.

Otro valor añadido es el proceso de trabajo, que empieza mucho antes de comenzar a cortar la tela para su producción. El primer paso es el estudio de campo, una labor imprescindible que implica investigar y recopilar toda la información necesaria sobre las piezas antiguas para después reproducirlas. Para ello se visitan museos y se recorren las aldeas en busca de información documental, se recogen las piezas, se restauran y se preparan para sacarles el patrón. Es entonces cuando se inicia la actividad en el taller en el que Montse, Mónica y Lucía invierten varias horas bordando a mano los motivos, realizando el encaje y comprobando que se respetan los diseños originales. Conscientes de la importancia de condensar en cada traje las manifestaciones del saber popular, de acudir a la







“Nós seguimos con moita ilusión dando todo todos os días e esperamos seguir cara a adiante. Xa levamos dez anos e agora imos a por outros dez”

“Nosotras seguimos con mucha ilusión dando todo todos los días y esperamos seguir hacia adelante. Ya llevamos diez años y ahora vamos a por otros diez”

para reivindicar a súa continuidade, en Bulideira sosteñen que o asesoramento ao cliente é clave para poder desenvolver o oficio desde o respecto pola tradición.

A resposta do público que acode a Bulideira adoita ser moi variada en función do tipo de consumidor. Os seus clientes estrela son os grupos folclóricos, que necesitan varios traxes dentro do seu vestuario. Os turistas tamén se senten atraídos polos seus produtos, a súa estética e a súa paixón polo traballo manual. Pero o que máis chama a atención é a sensibilidade cara ao oficio que co paso dos anos foi adquirindo o cliente. Mostra de que as cousas se están facendo ben, da vitalidade que imprimen estas mulleres co seu traballo e que contaxian en cada peza, é que o perfil de cliente foise especializando: “Cada vez o consumidor está máis formado, sabe o que quere, é máis curioso, esixe máis e está máis sensibilizado”.

Cando lle preguntamos polo estado actual do mercado, Montse móstrase crítica: “A crise afectou. Por exemplo, a nivel de grupos de baile ou de gaiteros antes tiñan subvencións, agora non, facían actuacións que se pagaban ben e agora cada vez son máis escasas... entón teñen menos ingresos e, en consecuencia, poden investir menos”. Pero tamén revela a súa actitude positiva: “Nós seguimos con moita ilusión dando todo todos os días e esperamos seguir cara a adiante. Xa levamos dez anos e agora imos a por outros dez”.

historia para reivindicar su continuidad, en Bulideira sostienen que el asesoramiento al cliente es clave para poder desarrollar el oficio desde el respeto por la tradición.

La respuesta del público que acude a Bulideira suele ser muy variada en función del tipo de consumidor. Sus clientes estrella son los grupos folclóricos, que necesitan varios trajes dentro de su vestuario. Los turistas también se sienten atraídos por sus productos, su estética y su pasión por el trabajo manual. Pero lo que más llama la atención es la sensibilidad hacia el oficio que con el paso de los años ha ido adquiriendo el cliente. Muestra de que las cosas se están haciendo bien, de la vitalidad que imprimen estas mujeres con su trabajo y que contagian en cada prenda, es que el perfil de cliente se ha ido especializando: "Cada vez el consumidor está más formado, sabe lo que quiere, es más curioso, exige más y está más sensibilizado".

Cuando le preguntamos por el estado actual del mercado, Montse se muestra crítica: "La crisis ha afectado. Por ejemplo, a nivel de grupos de baile o de gaiteros antes tenían subvenciones, ahora no, hacían actuaciones que se pagaban bien y ahora cada vez son más escasas... entonces tienen menos ingresos y, en consecuencia, pueden invertir menos". Pero también revela su actitud positiva: "Nosotras seguimos con mucha ilusión dando todo todos los días y esperamos seguir hacia adelante. Ya llevamos diez años y ahora vamos a por otros diez".

.....

Bulideira

Montserrat Liñares Bello

San Lázaro, 108, baixo

15707 Santiago de Compostela (A Coruña)


Tel. 981 576 501 / 645 758 597

bulideira@bulideira.es

www.bulideira.es

Carta de artesá / Carta de artesana n.º 3635

Obradoiro artesán / Taller artesano n.º 765





O PROXECTO ENREDADAS

EL PROYECTO ENREDADAS

O talento artesanal galego é a base sobre a que a Xunta de Galicia desenvolve a súa política de apoio á creación de empresas artesanais. A Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería do Mar unen forzas na aposta pola promoción e a diversificación profesional dun sector tradicional como é o das redeiras artesanais de Galicia. Poñer en valor o traballo das redeiras galegas e o seu oficio, apoiando a diversificación da súa actividade profesional, permitirá melloras económicas a este colectivo. Para acadar este obxectivo a formación especializada é o eixe sobre o que xira **o proxecto Enredadas**.

No ano 2012 as redeiras da Guarda, Corme, Malpica e Burela recibiron o apoio da Consellería do Mar, a través dos Grupos de Acción Costeira no marco do Fondo Europeo da Pesca, para a diversificación da súa actividade. A Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola súa banda, organizou cinco cursos de formación e posicionou nos puntos de venda oficiais de Artesanía de Galicia as pezas resultantes destas accións formativas.

El talento artesanal gallego es la base sobre la que la Xunta de Galicia desarrolla su política de apoyo a la creación de empresas artesanales. La Consellería de Economía, Emprego e Industria y la Consellería do Mar unen fuerzas en la apuesta por la promoción y la diversificación profesional de un sector tradicional como es el de las redeiras artesanais de Galicia. Poner en valor del trabajo de las redeiras gallegas y su oficio, apoyando la diversificación de su actividad profesional, permitirá mejoras económicas a este colectivo. Para conseguir este objetivo la formación especializada es el eje sobre el que gira **el proxecto Enredadas**.

En el año 2012 las redeiras de A Guarda, Corme, Malpica y Burela recibieron el apoyo de la Consellería do Mar, a través de los Grupos de Acción Costera en el marco del Fondo Europeo de la Pesca, para la diversificación de su actividad. La Consellería de Economía, Emprego e Industria, por su parte, organizó cinco cursos de formación y posicionó en los puntos de venta oficiales de Artesanía de Galicia las piezas resultantes de estas acciones formativas.



No ano 2015 retomouse a formación diversificada das redeiras a través de dous cursos de *Técnicas de enfiado para redeiras* impartidos pola artesá Alicia González, dous cursos de *Fotografía aplicada á artesanía* dirixidos polo fotógrafo Peter Schneider, o curso *Deseño e produción de novos produtos de bixería para redeiras* que impartiu Montserrat Álvarez e o curso *Deseño e produción de novos complementos de moda para redeiras* dirixido pola deseñadora Rosalía Castro.

O pasado 29 de marzo na Sala Eisseman da Cidade da Cultura tivo lugar o acto de presentación do programa Enredadas 2016, exemplo de proxecto de boas prácticas levado a cabo con este colectivo.

En el año 2015 se inició la formación diversificada de las rederas a través de los dos cursos de *Técnicas de hilado para rederas* impartidos por la artesana Alicia González, dos cursos de *Fotografía aplicada a la artesanía* dirigidos por el fotógrafo Peter Schneider, el curso *Diseño y producción de nuevos productos de bisutería para rederas* que impartió Montserrat Álvarez y el curso *Diseño y producción de nuevos complementos de moda para rederas* dirigido por la diseñadora Rosalía Castro.

El pasado 29 de marzo en la Sala Eisseman de la Cida-
de da Cultura tuvo lugar el acto de presentación del pro-
grama Enredadas 2016, ejemplo de proyecto de buenas
prácticas llevado a cabo con este colectivo.





A Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería do Mar unen forzas na aposta pola promoción e a diversificación profesional dun sector tradicional como é o das redeiras artesás de Galicia.



Neste acto de entrega de diplomas ás redeiras tivo lugar unha mostra/exposición dos novos produtos elaborados grazas a esta formación. Todas estas accións son unha aposta pola colaboración intersectorial que abre as portas ás artesás redeiras a un mercado contemporáneo que complementa e diversifica o seu labor tradicional.

La Consellería de Economía, Emprego e Industria y la Consellería do Mar unen forzas en la apuesta por la promoción y la diversificación profesional de un sector tradicional como es el de las rederas artesanas de Galicia.



En este acto de entrega de diplomas a las rederas tuvo lugar una muestra/exposición de los nuevos productos elaborados gracias a esta formación. Todas estas acciones son una apuesta por la colaboración intersectorial que abre las puertas a las artesanas rederas a un mercado contemporáneo que complementa y diversifica su labor tradicional.



PROGRAMA FORMATIVO ENREDADAS 2016

Deseño e aplicación das técnicas das redeiras ao sector da moda. (50 h)

Coñecementos de deseño e estudo creativo das técnicas redeiras para a aplicación do saber facer das redeiras ao mundo da moda.

Docentes: Charo Froján e Alfredo Olmedo da empresa D-due

Perfeccionamento de deseño e produción de novos produtos de bixutería. (60 h)

Coñecer as técnicas e posibilidades de traballo das redeiras para a elaboración dunha liña de nova bixutería utilizando as súas técnicas e coa introdución de novos materiais como complemento ao curso realizado no pasado ano.

Docente: Montserrat Álvarez

Perfeccionamento de deseño e produción dunha nova colección de complementos e bixutería. (50 h)

Coñecer as técnicas e posibilidades de traballo das redeiras para a elaboración dunha liña de nova bixutería e complementos utilizando as súas técnicas e coa introdución de novos materiais como complemento ao curso realizado no pasado ano.

Docente: Rosalía Castro

Formación para produción de mobiliario da firma Juan Ares Design Marine. (60 h)

A finalidade deste curso é a elaboración de prototipos, deseños propiedade rexistrada da editora Juan Ares Design Marine que terá a capacidade da súa comercialización. A elaboración dos novos deseños presentados será potencialmente encargada ás redeiras participantes no curso.

Docentes: Juan Ares coa colaboración da artesá Idoia Cuesta

PROGRAMA FORMATIVO ENREDADAS 2016

Diseño y aplicación de las técnicas de las rederas al sector de la moda. (50 h)

Conocimientos de diseño y estudio creativo de las técnicas rederas para la aplicación del saber hacer de las rederas al mundo de la moda.

Docentes: Charo Froján y Alfredo Olmedo de la empresa D-due

Perfeccionamiento de diseño y producción de nuevos productos de bisutería. (60 h)

Conocer las técnicas y posibilidades de trabajo de las rederas para la elaboración de una línea nueva de bisutería utilizando sus técnicas y con la introducción de nuevos materiales como complemento al curso realizado en el pasado año.

Docente: Montserrat Álvarez

Perfeccionamiento de diseño y producción de una nueva colección de complementos y bisutería. (50 h)

Conocer las técnicas y posibilidades de trabajo de las rederas para la elaboración de una nueva línea de bisutería y complementos utilizando sus técnicas y con la introducción de nuevos materiales como complemento al curso realizado en el pasado año.

Docente: Rosalía Castro

Formación para producción de mobiliario de la firma Juan Ares Design Marine. (60 h)

La finalidad de este curso es la elaboración de prototipos, diseños propiedad registrada de la editora Juan Ares Design Marine que tendrá la capacidad de su comercialización. La elaboración de los nuevos diseños presentados será potencialmente encargada a las rederas participantes en el curso.

Docentes: Juan Ares con la colaboración de la artesana Idoia Cuesta



“En Galicia, á beira do mar, unha xeración de mulleres anoa, entralla, tece e enreda o fío de Ariadna creando redes máxicas que se transforman nas súas mans para crear obxectos cheos de enerxía e modernidade”

“En Galicia, a orillas del mar, una generación de mujeres anuda, *entralla*, teje y enreda el hilo de Ariadna creando redes mágicas que se transforman en sus manos para crear objetos llenos de energía y modernidad”

NOVA MITOLOXÍA GALEGA, AS REDEIRAS DA GUARDA

NUEVA MITOLOGÍA GALLEGA,
LAS REDERAS DE A GUARDA

Montserrat Álvarez
Emprendedora



Cando a través da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño propuxéronme participar no **proxecto Enredadas**, acepteino coa ilusión de atoparme non soamente cunha técnica de artesanía dotada dun carácter diferenciador extremadamente rico, senón tamén coas connotacións dun universo propio do realismo máxico de Álvaro Cunqueiro.

As redeiras, mulleres portadoras dun saber ancestral, unha maxia que se transmite de xeración en xeración de mulleres do mar e coa que hoxe temos que, non soamente inventar, senón salvar.

E xustamente este é o obxectivo do curso: a creación de novos soportes propios dunha visión contemporánea nos que aplicar e actualizar a técnica herdada do cosido das redes e crear obxectos que posúan a verdadeira enerxía da evolución; obxectos que nos remitan a un territorio, o noso, buscando a singularidade dunha identidade mariña e galega.

Neste contexto preciso o deseño debe entenderse como catalizador, como elemento que nos permite innovar partindo do respecto ás tradicións locais, abrindo as portas a novos repertorios formais.

Cuando a través de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño me propusieron participar en **el proxecto Enredadas**, lo acepté con la ilusión de encontrarme no solamente con una técnica de artesanía dotada de un carácter diferenciador extremadamente rico, sino también con las connotaciones de un universo propio del realismo mágico de Álvaro Cunqueiro.

Las rederas, mujeres portadoras de un saber ancestral, una magia que se transmite de generación en generación de mujeres del mar y con la que hoy tenemos que, no solamente inventar, sino salvar.

Y justamente este es el objetivo del curso: la creación de nuevos soportes propios de una visión contemporánea en los que aplicar y actualizar la técnica heredada del cosido de las redes y crear objetos que posean la verdadera energía de la evolución; objetos que nos remitan a un territorio, el nuestro, buscando la singularidad de una identidad marina y gallega.

En este contexto preciso el diseño debe entenderse como catalizador, como elemento que nos permite innovar partiendo del respeto a las tradiciones locales, abriendo las puertas a nuevos repertorios formales.

No meu cotián, como directora do estudo de deseño internacional dos irmáns Ronan e Erwan Bouroullec en París, observo aos diferentes actores (deseñadores, industriais, marcas...) buscando novas técnicas coas que traballar, coas que mesturar procesos industriais e artesanais para crear produtos singulares. Buscan saberes e faceres únicos e nós temos un tesouro que ofrecerlles.

Expúxose por tanto o curso coma un proxecto global exportable, coma un espazo en branco no cal se experimentase ata chegar á materialización dos produtos. Nesta concretización sempre se buscou a honestidade intelectual, preservando o repertorio técnico froito dunha intelixencia colectiva.

En mi cotidiano, como directora del estudio de diseño internacional de los hermanos Ronan y Erwan Bouroullec en París, observo a los diferentes actores (diseñadores, industriales, marcas...) buscando nuevas técnicas con las que trabajar, con las que mezclar procesos industriales y artesanales para crear productos singulares. Buscan *saberes y haceres* únicos y nosotros tenemos un tesoro que ofrecerles.

Se planteó entonces el curso como un proyecto global exportable, como un espacio en blanco en el cual se experimentara hasta llegar a la materialización de los productos. En esta concretización siempre se buscó la honestidad intelectual, preservando el repertorio técnico fruto de una inteligencia colectiva.







Tratouse de inventar salvando, imaxinando espazos onde os obxectos contemporáneos se confrontasen cos antigos. É aquí onde incide e se manifesta a gran importancia de desenvolver unha metodoloxía de traballo propia, adaptada ao colectivo das redeiras e que dese coherencia e eficiencia ao proceso de fabricación dos novos deseños.

Se ha tratado de inventar salvando, imaginando espacios donde los objetos contemporáneos se confrontaran con los antiguos. Es aquí donde incide y se manifiesta la gran importancia de desarrollar una metodología de trabajo propia, adaptada al colectivo de las redeiras y que diese coherencia y eficiencia al proceso de fabricación de los nuevos diseños.

Comezouse entón coa aplicación dun proceso creativo propio, parte fundamental no desenvolvemento dos produtos e cos que crear as bases dun imaxinario a través da valorización da contorna formal das redeiras e a procura de novas referencias e materiais.

Partindo da experimentación, procurouse integrar o intercambio con outras disciplinas no proxecto como a arte, a fotografía ou o grafismo.

O fin último foi crear un proxecto global que abranguese non só o produto, senón tamén o mercado, a súa difusión e presentación, todo iso baixo unha imaxe unificada e persoal.

Se empezó entonces con la implementación de un proceso creativo propio, parte fundamental en el desarrollo de los productos y con los que crear las bases de un imaginario a través de la valorización del entorno formal de las redeiras e a búsqueda de nuevas referencias y materiales.

Partiendo de la experimentación, se buscó integrar el intercambio con otras disciplinas en el proyecto como el arte, la fotografía o el grafismo.

El fin último fue crear un proyecto global que abarcara no solo el producto, sino también el mercado, su difusión y presentación, todo ello bajo una imagen unificada y personal.



Neste marco, convidouse a colaborar ao deseñador franco-colombiano Felipe Ribon (gañador do premio Liliane Bettencourt da intelixencia da man) co obxectivo de que compartise a súa experiencia e dese a súa visión do proxecto a través das súas fotografías, que se utilizaron para crear soportes gráficos, entre eles un catálogo e unha nova identidade visual realizados polo grafista Pedro Vázquez da axencia Viernes.

En Galicia, á beira do mar, unha xeración de mulleres anoa, entralla, tece e enreda o fío de Ariadna creando redes máxicas que se transforman nas súas mans para crear obxectos cheos de enerxía e modernidade.

En este marco, se invitó a colaborar al diseñador franco-colombiano Felipe Ribon (ganador del premio Liliane Bettencourt de la inteligencia de la mano) con el objetivo que compartiese su experiencia y diese su visión del proyecto a través de sus fotografías, que se utilizaron para crear soportes gráficos, entre ellos un catálogo y una nueva identidad visual realizados por el grafista Pedro Vázquez de la agencia Viernes.

En Galicia, a orillas del mar, una generación de mujeres anuda, *entralla*, teje y enreda el hilo de Ariadna creando redes mágicas que se transforman en sus manos para crear objetos llenos de energía y modernidad.

A ARTE FÍO A FÍO

EL ARTE HILO A HILO



“A artesanía ten moito de artístico, ademais de ser unha forma de comunicación dos pobos”

“La artesanía tiene mucho de artístico, además de ser una forma de comunicación de los pueblos”

No estudo téxtil de Rir&Co suceden sempre moitas cousas: un tear de baixo lizo marca os ritmos de produción, a cultura e a historia reivindicando o seu protagonismo e a paisaxe debuxa a súa presenza mentres Inés Rodríguez, causante e causa de Rir, confecciona fío a fío cada peza, talvez imaxinando xa o motivo das súas próximas investigacións.

Tras o espírito de Rir&Co escóndese unha actitude inquieta, unha mente sensible que percibe a delicadeza de calquera tipo de manifestación artesanal, recoñecendo tamén a súa implicación coas humanidades: “Creo que tiveron interese pola artesanía desde sempre, porque me interesan moito a arte, a antropoloxía, a linguaxe... A artesanía ten moito de artístico, ademais de ser unha forma de comunicación dos pobos”. Recoñece, ademais, que sente predilección polas antigüidades e o traballo manual, algo que sempre tratou de practicar.

Talvez foi esta atracción o que levou a Inés Rodríguez a deixar de lado a súa actividade profesional na administración para emprender unha nova aventura como artesá no ano 2004. Interesada pola fusión entre decoración e tecido, Inés aposta pola construción dun novo modelo de negocio e actualmente os seus deseños téxtiles percorreron medio mundo. Tratando de buscar un espazo inexplorado por aquel entón, comeza a realizar tecidos para profesionais e empresas cun marcado selo de autor. “Cando me chega a oportunidade dunha colaboración con Leandro Cano na *Colección Camino* (MBFW 2015) vin que o que intuía nun principio como liña de traballo para o meu obradoiro era posible. Pero foi por mor da colaboración con Assad Awad para a exposición do Museo do Traxe cando se coñeceu definitivamente o meu traballo”.



En el estudio textil de Rir&Co suceden siempre muchas cosas: un telar de bajo lizo marca los ritmos de produción, la cultura y la historia reivindicando su protagonismo y el paisaje dibuja su presencia mientras Inés Rodríguez, causante y causa de Rir, confecciona hilo a hilo cada prenda, tal vez imaginando ya el motivo de sus próximas investigaciones.

Tras el espíritu de Rir&Co se esconde una actitud inquieta, una mente sensible que percibe la delicadeza de cualquier tipo de manifestación artesanal, reconociendo también su implicación con las humanidades “Creo que he tenido interés por la artesanía desde siempre, porque me interesan mucho el arte, la antropología, el lenguaje... La artesanía tiene mucho de artístico, además de ser una forma de comunicación de los pueblos.” Reconoce, además, que siente predilección por las antigüidades y el trabajo manual, algo que siempre ha tratado de practicar.

Tal vez fue esta atracción lo que llevó a Inés Rodríguez a dejar de lado su actividad profesional en la administración para emprender una nueva aventura como artesana en el año 2004. Interesada por la fusión entre decoración y tejido, Inés apuesta por la construcción de un nuevo modelo de negocio y actualmente sus diseños textiles han recorrido medio mundo. Tratando de buscar un espacio inexplorado por aquel entonces, comienza a realizar tejidos para profesionales y empresas con un marcado sello de autor. “Cuando me llega la oportunidad de una colaboración con Leandro Cano en la *Colección Camino* (MBFW 2015) vi que lo que había intuido en un principio como línea de trabajo para mi taller era posible. Pero fue a raíz de la colaboración con Assad Awad para la exposición del Museo del Traje cuando se conoció definitivamente mi trabajo”.

“As texturas no tecido parécenme moi interesantes por canto lle achegan de volume, tridimensionalidade, e crean un efecto de luces e sombras que proporcionan moitas posibilidades de traballo”



“Las texturas en el tejido me parecen muy interesantes por cuanto le aportan de volumen, tridimensionalidad, y crean un efecto de luces y sombras que proporcionan muchas posibilidades de trabajo”



Esta paixón polo traballo ben feito reflíctese tamén no seu modo de xestionar o negocio, apostando pola sustentabilidade e a elaboración responsable e buscando colaboracións con outros colegas de profesión. E é que neste taller situado nun lugar próximo a Allariz modernidade e tradición concilian as súas diferenzas para apostar por un novo modelo de artesanía, un modelo que permite estratexias colaborativas entre diferentes ámbitos da creación e que se volve primordial na filosofía de Rir&Co: “Para min as colaboracións son fundamentais, tanto que Rir son eu mesma (Inés Rodríguez Rodríguez) & Co refírese a elas, están incluídas no nome do taller”.

Esta paixón por el traballo ben feito se reflicta tamén en su modo de gestionar el negocio, apostando por la sostenibilidad y la elaboración responsable y buscando colaboraciones con otros colegas de profesión. Y es que en este taller situado en un pueblo cercano a Allariz modernidad y tradición concilian sus diferencias para apostar por un nuevo modelo de artesanía, un modelo que permite estrategias colaborativas entre diferentes ámbitos de la creación y que se vuelve primordial en la filosofía de Rir&Co: “Para mi las colaboraciones son fundamentales, tanto que Rir soy yo misma (Inés Rodríguez Rodríguez) & Co se refiere a ellas, están incluídas en el nombre del taller”.

En Rir&Co atópanse tamén produtos enfocados á venda directa ao público, que reflicten ademais unha das súas características de identidade: a relación con Galicia. Nunha contorna rodeada de natureza, de bosques frondosos, pedras cubertas de musgo e unha flora abundante e rica en matices cromáticos, vólvese complicado non levantar a vista e mirar tras a xanela en busca de inspiración. Pero, máis aló do imaxinario visual, atópanse as raíces, os costumes, unha cultura que implica así mesmo certa actitude: “A nosa cultura é moi rica e intento transmitir a miña visión dela, unha Galicia aberta e plural, orgullosa da súa esencia pero aberta ao mundo”.

En Rir&Co se encuentran también productos enfocados a la venta directa al público, que reflejan además una de sus características de identidad: la relación con Galicia. En un entorno rodeado de naturaleza, de bosques frondosos, pedras cubiertas de musgo y una flora abundante y rica en matices cromáticos, se vuelve complicado no levantar la vista y mirar tras la ventana en busca de inspiración. Pero, más allá del imaginario visual, se encuentran las raíces, las costumbres, una cultura que implica asimismo cierta actitud: “Nuestra cultura es muy rica e intento transmitir mi visión de ella, una Galicia abierta y plural, orgullosa de su esencia pero abierta al mundo”.

TRAS A ESENCIA DO MATERIAL

TRAS LA ESENCIA DEL MATERIAL

Un dos principais acenos de identidade deste obradoiro ourensán é o respecto polos materiais, seleccionados con sumo coidado tendo en conta as súas propiedades e o seu modo de responder ante cada tipo de peza. Non se trata de crear un produto a través do material, senón de acompañar a este no seu proceso de transformación, de revelar a súa esencia: "O material e a prenda deben formar un todo". Polas mans de Inés Rodríguez pasan diferentes tipos de la, liño, corda, fibra óptica ou materiais de reciclaxe cos que busca transmitir unha emoción, resolver un problema ou comunicar un concepto. Así, a peza desenvolverase dun ou outro modo en función da idea de base e a funcionalidade que se lle asocie. Tanto se se trata dos seus propios produtos como se a elaboración se realiza por encargo, a primeira parte do proceso consiste en compor bosquexos, facer probas de cor e textura e realizar mostras con diferentes materiais. Unha vez conseguido o tecido adecuado, confecciónase nun tear

Una de las principales señas de identidad de este taller ourensano es el respeto por los materiales, seleccionados con sumo cuidado teniendo en cuenta sus propiedades y su modo de responder ante cada tipo de prenda. No se trata de crear un producto a través del material, sino de acompañar a éste en su proceso de transformación, de revelar su esencia. "El material y la prenda deben formar un todo". Por las manos de Inés Rodríguez pasan diferentes tipos de lana, lino, cuerda, fibra óptica o materiales de reciclaje con los que busca transmitir una emoción, resolver un problema o comunicar un concepto. Así, la pieza se desarrollará de uno u otro modo en función de la idea de base y la funcionalidad que se le asocie. Tanto si se trata de sus propios productos como si la elaboración se realiza por encargo, la primera parte del proceso consiste en componer bocetos, hacer pruebas de color y textura y realizar muestras con diferentes materiales. Una vez conseguido el tejido adecuado, se confecciona en un telar de bajo lizo manual, elaborando la urdimbre hilo a hilo.





“Creo que vivimos un momento doce e de recoñecemento da artesanía. Até este momento moita xente nova non a tiña en conta como opción de traballo e, debido a un cambio na sociedade e a crise, está a reformularse o sector

“Creo que vivimos un momento dulce y de reconocimiento de la artesanía. Hasta este momento mucha gente joven no la tenía en cuenta como opción de trabajo y, debido a un cambio en la sociedad y la crisis, se está replanteando el sector”

de baixo lizo manual, elaborando a urdimbre fío a fío. Os resultados poden ser sorprendentes; desde exclusivos deseños de moda até pequenos complementos, todos comparten o gusto polo detalle, a atención ás formas, volumes e propiedades lumínicas e unha actitude exploradora que denota o interese de Inés por indagar nas calidades do material. “As texturas no tecido parécenme moi interesantes por canto lle achegan de volume, tridimensionalidade, e crean un efecto de luces e sombras que proporcionan moitas posibilidades de traballo”. Exemplo diso é *Vagalume*, un dos seus produtos máis innovadores, tecido de maneira artesanal con fibra óptica de cristais e que lle valeu o rexistro como novo deseño industrial por parte da Oficina de Patentes e Marcas do Ministerio de Industria.

Recoñecendo a importancia das redes sociais e os recursos Web como principais medios de difusión, Inés Rodríguez incide na necesidade dun traballo responsable, exclusivo e realizado con esmero. O mellor, o seu optimismo de face ao futuro: “Creo que vivimos un momento doce e de recoñecemento da artesanía. Até este momento moita xente nova non a tiña en conta como opción de traballo e, debido a un cambio na sociedade e a crise, está a reformularse o sector. Agora mesmo existen novos artesáns que cremos que o deseño debe convivir con fórmulas tradicionais e búscanse novas vías para a artesanía”.

Los resultados pueden ser sorprendentes; desde exclusivos diseños de moda hasta pequeños complementos, todos comparten el gusto por el detalle, la atención a las formas, volúmenes y propiedades lumínicas y una actitud exploradora que denota el interés de Inés por indagar en las cualidades del material: “Las texturas en el tejido me parecen muy interesantes por cuanto le aportan de volumen, tridimensionalidad, y crean un efecto de luces y sombras que proporcionan muchas posibilidades de trabajo”. Ejemplo de ello es *Vagalume*, uno de sus productos más innovadores, tejido de manera artesanal con fibra óptica de cristales y que le ha valido el registro como nuevo diseño industrial por parte de la Oficina de Patentes y Marcas del Ministerio de Industria.

Reconociendo la importancia de las redes sociales y los recursos Web como principales medios de difusión, Inés Rodríguez incide en la necesidad de un trabajo responsable, exclusivo y realizado con esmero. Lo mejor, su optimismo de cara al futuro: “Creo que vivimos un momento dulce y de reconocimiento de la artesanía. Hasta este momento mucha gente joven no la tenía en cuenta como opción de trabajo y, debido a un cambio en la sociedad y la crisis, se está replanteando el sector. Ahora mismo existen nuevos artesanos que creemos que el diseño debe convivir con fórmulas tradicionales y se buscan nuevas vías para la artesanía”.

Rir&Co

Inés Rodríguez Rodríguez

Os Vilares, 6

32664 Allariz (Ourense)

Tel. 647 719 216

ines@rirandco.com

www.rirandco.com

Carta de artesá / Carta de artesana n.º 3219

Obradoiro artesán / Taller artesano n.º 819



ARTESANÍA NO PRATO

ARTESANÍA EN EL PLATO

No ano 2013, no marco do II Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia en Agolada, tivo lugar unha iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria, organizada pola Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, que buscaba xerar unha interrelación entre artesanía, deseño e gastronomía. Durante esta experiencia déronse cita diferentes profesionais do sector culinario e artesanal que traballaron en común para establecer unha asociación entre ambas disciplinas, ofrecendo diferentes *showcookings* onde os produtos galegos foron protagonistas. A boa acollida da iniciativa serviu como punto de orixe para continuar apostando por unha estratexia de conciliación entre dous ámbitos creativos moito máis conectados do que *a priori* puidese parecer. Desde a súa posta en marcha xa son máis de corenta os talleres artesanais que atoparon nesta área unha importante saída comercial.

En el año 2013, en el marco del II Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia en Agolada, tuvo lugar una iniciativa de la Consellería de Economía, Emprego e Industria, organizada por la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, que buscaba generar una interrelación entre artesanía, diseño y gastronomía. Durante esta experiencia se dieron cita diferentes profesionales del sector culinario y artesanal que trabajaron en común para establecer una asociación entre ambas disciplinas, ofreciendo diferentes *showcookings* donde los productos gallegos fueron protagonistas. La buena acogida de la iniciativa sirvió como punto de origen para continuar apostando por una estrategia de conciliación entre dos ámbitos creativos mucho más conectados de lo que *a priori* pudiera parecer. Desde su puesta en marcha ya son más de cuarenta los talleres artesanales que han podido encontrar en este área una importante salida comercial.

A exploración das posibilidades do soporte feito a man destinado á restauración traduciuse en multitude de experiencias colaborativas entre artesáns e profesionais da alta cociña, que están a lograr non só reivindicar os beneficios destes intercambios senón tamén situar a Galicia no epicentro da calidade gastronómica e artesanal

Entre aqueles que desde o inicio apoiaron o proxecto destaca a figura de **Pepe Solla**, quen conta cunha Estrela Michelin e é un abandeirado da cociña galega, ademais dun dos principais compoñentes do **Grupo Nove**. Xunto a estes e outros cociñeiros, encargouse de varios dos menús degustación servidos nos encontros de Agolada, ademais de idear os recipientes das súas propias creacións e encargar a súa produción a diferentes artesáns potenciando o valor e a difusión da marca Artesanía de Galicia. Así, a exploración das posibilidades do soporte feito a man destinado á restauración traduciuse en multitude de experiencias colaborativas entre artesáns e profesionais da alta cociña, que están a lograr non só reivindicar os beneficios destes intercambios senón tamén situar a Galicia no epicentro da calidade gastronómica e artesanal.

Entre aqueles que desde el inicio apoyaron el proyecto destaca la figura de **Pepe Solla**, quien cuenta con una Estrella Michelin y es un abanderado de la cocina gallega, además de uno de los principales componentes del **Grupo Nove**. Junto a éstos y otros cocineros, se ha encargado de varios de los menús degustación servidos en los encuentros de Agolada, además de idear los recipientes de sus propias creaciones y encargar su producción a diferentes artesanos potenciando el valor y la difusión de la marca Artesanía de Galicia. Así, la exploración de las posibilidades del soporte hecho a mano destinado a la restauración se ha traducido en multitud de experiencias colaborativas entre artesanos y profesionales de la alta cocina, que están logrando no solo reivindicar los beneficios de estos intercambios sino también situar a Galicia en el epicentro de la calidad gastronómica y artesanal.





La exploración de las posibilidades del soporte hecho a mano destinado a la restauración se ha traducido en multitud de experiencias colaborativas entre artesanos y profesionales de la alta cocina, que están logrando no solo reivindicar los beneficios de estos intercambios sino también situar a Galicia en el epicentro de la calidad gastronómica y artesanal

Un bo exemplo desta conciliación é a vaixela específica que **Alfarería Rulo** (Buño) creou para o restaurante compostelán **A Maceta**. Os soportes de madeira de **Armaior** dialogan con outras pezas artesanais, convidando ao cliente a gozar dunha comida servida sobre o peso da tradición; unha práctica artesanal afianzada desde fai máis de cinco xeracións. Tamén **Cerámica Unzueta** demostrou o seu interese pola cociña sumándose ao proxecto de **Markesa**, unha izakaya (taberna xaponesa) situada en pleno centro de Santiago de Compostela, para quen deseñou unha colección de pezas exclusivas que conteñen a esencia da tradición nipona.

Un buen ejemplo de esta conciliación es la vajilla específica que **Alfarería Rulo** (Buño) ha creado para el restaurante compostelano **A Maceta**. Los soportes de madera de **Armaior** dialogan con otras piezas artesanales, invitando al cliente a disfrutar de una comida servida sobre el peso de la tradición; una práctica artesanal afianzada desde hace más de cinco generaciones. También **Cerámica Unzueta** ha demostrado su interés por la cocina sumándose al proyecto de **Markesa**, una izakaya (taberna japonesa) situada en pleno centro de Santiago de Compostela, para quien ha diseñado una colección de piezas exclusivas que contienen la esencia de la tradición nipona.

Seducidos polas formas elegantes e orgánicas que modela coas súas mans a ceramista **Verónica Moar**, o grupo **Abastos 2.0** conta cunha vaixela exclusiva coa que acompañar a posta en escena dos seus menús degustación.

Ademais, destaca a colaboración entre a artesá **Inés Rir** e a diseñadora **Rosalía Castro** co restaurante **Culler de Pau** do Grove, para o que realizaron unha serie de pezas téxtiles. Empregando materiais naturais coma o liño ou a rafia, tanto o deseño como a súa produción foron meticulosamente elaborados, respectando a estética e filosofía do restaurante.

Todos estes exemplos chaman a atención sobre as posibilidades de continuar a liña emprendida en 2013, sobre a importancia de seguir estreitando lazos e de apostar pola conformación dunha rede de artesanía cada vez máis sólida que permita a perpetuación e renovación do oficio: unha simbiose perfecta para gozar dos mellores produtos culinarios contidos en pezas únicas, de alta calidade artesanal. Máis auténtico que nunca, o carácter atlántico preséntase reforzado, fusiona os seus compoñentes visuais e gustativos para expresar a historia, o sabor, o tacto e o cheiro do produto galego en todos os seus matices.

Seducidos por las formas elegantes y orgánicas que modela con sus manos la ceramista **Verónica Moar**, el grupo **Abastos 2.0** cuenta con una vajilla exclusiva con la que acompañar la puesta en escena de sus menús degustación.

Además, destaca la colaboración entre la artesana **Inés Rir** y la diseñadora **Rosalía Castro** con el restaurante **Culler de Pau** de O Grove, para el que realizaron una serie de piezas textiles. Utilizando materiales naturales como el lino o la rafia, tanto el diseño como su producción han sido meticulosamente elaborados, respetando la estética y filosofía del restaurante.

Todos estos ejemplos llaman la atención sobre las posibilidades de continuar la línea emprendida en 2013, sobre la importancia de seguir estrechando lazos y de apostar por la conformación de una red de artesanía cada vez más sólida que permita la perpetuación y renovación del oficio: una simbiosis perfecta para disfrutar de los mejores productos culinarios contenidos en piezas únicas, de alta calidad artesanal. Más auténtico que nunca, el carácter atlántico se presenta reforzado, fusiona sus componentes visuales y gustativos para expresar la historia, el sabor, el tacto y el olor del producto gallego en todos sus matices.



ARTESANÍA DE GALICIA NUN CLICK

ARTESANÍA DE GALICIA EN UN CLICK



Madriguera Workshop
www.madrigueraworkshop.com

O produto artesan galego súmase á tendencia da comercialización electrónica e moitos dos obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía teñen dispoñible o servizo de tenda online, algúns deles grazas ás recentes ordes de axuda para a modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante retalista e artesanal galego, impulsadas pola Dirección Xeral de Comercio.

El producto artesano gallego se suma a la tendencia de la comercialización electrónica y muchos de los talleres inscritos en el Rexistro Xeral de Artesanía disponen del servicio de tienda online. Algunos de ellos gracias a las recientes órdenes de ayuda para la modernización, establecimiento de nuevas fórmulas y medios de comercialización en el sector comerciante retalista y artesanal gallego, impulsadas por la Dirección Xeral de Comercio.



Anna Champeney
www.annachampeney.com

Elena Ferro
www.elenaferro.com

Feituras
www.feituras.com

Fernando Gallego Xoieiro Artesán
www.joyeriafgallego.com

Galiestampa
www.irenesilva.net

Hermanos Gómez
www.hermanosgomez.com

Hilokune creación téxtil
www.hilokune.com

A. Outeiriño
www.emprendedorasgalicia.es/ecommerce/tecidoartesan/gl/

Al Joyas de autor
www.aijoyasdeautor.com

Ardentia
www.ardentia.es

Artesanía Ferradáns
www.articulosdemadera.com

Artesanía textil Belategui Regueiro
www.belateguiregueiro.com

Asteleiros Triñanes
www.asteleirostrinanes.com

Benizio camisas a medida
www.benizio.com

Bulideira Traxe Tradicional
www.bulideira.es

Cabuxa
www.cabuxa.com

Cavalinho do demo
www.cavalinhoart.com

Cerámica Belén Soto
www.ceramicabelensoto.com

Chueco
www.chueco.es

Coas Mans Artesanía
www.coasmansartesaniam.com

Códice encadernacion artesanal
www.codize.com

Coiro Enxebre
www.coiroenxebre.es

Como Cuando
www.comocuando.com

Cousas de madeira
www.cousasdemadeira.com

Crisol
www.tallerdejoyeriacrisol.com

Cristalería El Reflejo
www.elreflejo.com

Idoia Cuesta
www.idoiacuesta.com

Jatafarta
www.jatafarta.com

Joyas de Papel
www.joyasdepapel.com

Kinga Haudek Joyería Artística
www.kingahaudek.com

Le Chanelas
www.lechanelas.tictail.com

Lorenzo Design
www.lorenzodesign.es



Coiraxe
www.coiraxe.com

Verónica Moar Cerámica
www.veronicamoar.bigcartel.com



Loxe Artesanía
www.loxeartesanía.es

Lucía Catuxo Cerámica
www.luciacatuxo.com

**Maravalla artesanía
contemporánea**
www.maravalla.com

María Feijóo
www.mariafeijoo.com

Marina Seoane
www.etsy.com/es/shop/marinaseoane

Marta Armada
www.martaarmada.com

Maysil
www.maysil.com

Mestura de Kores
www.mesturadekores.com

Musical JR
www.musicaljr.com

O Escaparate
www.oescaparate.es

Obradoiro de Gaitas Seivane
www.seivane.es

**Obradoiro Taxus
de madeira torneada**
www.taller-taxus.com

Olería Carmen Isabel
www.ofalsete.com

Oscar Rodríguez Joyeros
www.oscar-rodriguez.com

Paca Peca
www.pacapeca.com/shop/

Media Lúa
www.medialua.es



Olería Aparicio
www.alfareriaaparicio.es



Regalcerámica
www.oteroregal.com

Nacho Porto cerámica
www.nachoporto.com



Cerámica - F. Porto
www.fernandoporto.com



Miols Design
www.miolsdesign.com



Pilar Cupeiro
www.pilarcupeiro.com

Quilting Colors
www.quiltingcolors.com

Racataplan
www.racataplan.com

Rappa, taller artesano
www.lujoromano.es

Rir&Co
www.emprendedorasgalicia.es/ecommerce/rirandco/gl

Rosa Higuero
www.rosahiguero.com

Rosa Isabel Rodríguez Vidal
www.emprendedorasgalicia.es/ecommerce/illadaestrela/gl

Santín Cuero
www.santincuero.com

Silvereira
www.tienda.silvereira.com/es

Taller de Joyería Abella
www.abellajoyeria.com

Taller Sur
www.artesans.es

Tallería Cristal
www.cristaltallado.es

Varo Caride
www.varocaride.com

Xaneco
www.xaneco.gal



Mimadriña
www.mimadrinha.bigcartel.com

Corazón da Artesanía

V Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia

Os Pendellos, Agolada, Pontevedra · 8, 9 e 10 de xullo

Artesanía en vivo · Produtos artesanais · Conferencias, exposicións e obradoiros

Obradoiros para nenas e nenos · Actuacións de baile e música

Showcooking, degustación e produtos gastronómicos



galicia

obradoiro de artesanía

artesianiadegalicia.xunta.gal



XUNTA DE GALICIA